

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 25 de febreiro de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 14.05 horas do día vinte e cinco de febreiro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, o titular da Asesoría Xurídica, non asistíu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(207).- **DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:**

A)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 216/05 P.O. DEMANDANTE: ASTILLEROS Y CONSTRUCCIONES LAGO S.A. OBXECTO: CONSELLO XMU DO 18.11.2009, NAVE INDUSTRIAL SEN LICENCIA. EN 2ª INSTANCIA, SENTENZA 1211 DO 25.11.2010. SENTENZA QUE RESOLVE O RECURSO DE APELACIÓN DA DEMANDANTE, DESESTIMÁNDOO, CON CUSTAS DE OFICIO. EXPTE. 1720/111.

B)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 293/10 P.A. DEMANDANTE: D. SANTIAGO RODRÍGUEZ ORTEGA. OBXECTO: ACCIDENTE VEHÍCULO 10.11.2009. SENTENZA, FIRME, QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6253/111.

C)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 288/10 P.A. DEMANDANTE: Dª FAUSTIMA BONET RODAL. OBXECTO: RESOLUCIÓN DE 25.06.10, CAIDA NA VÍA PÚBLICA. SENTENZA, FIRME, QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6294/111.

D)SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO SECCIÓN 3ª. RC-A Nº 3/7355/10 P.O. DEMANDANTE: D. LINO VIDAL LORENZO. OBXECTO: CONTROL METEREOLÓXICO DO GPS DO VEHÍCULO DE CONTROL DE TRÁFICO. SENTENZA, FIRME, QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 5105/111.

E)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 301/08 P.O. DEMANDANTE: SETENTA DE GARCIA BARBON S.L. OBXECTO: INDEMNIZACIÓN POR CONVENIO URBANÍSTICO. APELACIÓN, SENTENZA Nº 1319 DO 16.12.2010, SENTENZA QUE RESOLVE A APELACIÓN DO DEMANDANTE, DESESTIMÁNDOA. EXPTE. 4618/111.

F)SENTENZA DA AUDIENCIA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA Nº 27. RECURSO DE APELACIÓN 3205/09 PROVINTE DE P.O. 314/07 DO X. 1ª INSTANNCIA Nº 10 DE VIGO. DEMANDANTE: Dª Mª ISABEL RIVAS RODRÍGUEZ E D. RICARDO CALVO TENREIRO. OBXECTO: ORDE XURISDICCIONAL CIVIL. A DEFENSA DO CONCELLO INTERPUXO RECURO POR UNHA CUESTIÓN FORMAL, CAL É A DA EXCEPCIÓN DE FALTA DE RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA, CONSONTE Á LEXISLACIÓN ADMINISTRATIVA PROCESUAL. EXPTE. 3788/111.

G)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 380/10 P.A. DEMANDANTE: D. VICTOR M. GONZÁLEZ IGLESIAS. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO, ESTACIONAMENTO EN DOBLE FILA. SENTENZA, FIRME, QUE ESTIMA O RECURSO E ANULA O ACTO. EXPTE. 6173/111.

H)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 503/10 P.A. DEMANDANTE: MARINA HISPÁNICA S.L. OBXECTO: RESOLUCIÓN DE 6.09.10, SANCIÓN DE TRÁFICO. DECLARA O DESESTIMIENTO POR INCOMPARECENCIA. EXPTE. 6322/111.

I)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 196/10 P.A. DEMANDANTE: AXA GESTION DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. OBXECTO: ACCIDENTE DE AUTOMÓBIL. DECLARA A SATISFACCIÓN EXTRAPOCESUAL (RESOLUCIÓN EXPRESA CON IMPUTACIÓN Á CONCESIONARIA). EXPTE. 6144/111.

L)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 488/10 P.A. DEMANDANTE: Dª MILAGROS MELÓN VÁZQUEZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN DE 2.08.10, SANCIÓN DE TRÁFICO. DECLARA A CADUCIDADE DO RECRUSO. EXPTE. 6310/111.

M)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 28/10 P.A. DEMANDANTE: D. DARIO VIEITEZ LÓPEZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN DE 22.04.10, CAIDA DUNHA ÁRBORE. ACEPTA O DESTIMENTO DA ACTORA. EXPTE. 5893/111.

N) SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. PROCEDIMIENTO ORDINARIO15/2009. DEMANDANTE: Dª MARIA GOMEZ LORENZO. OBXECTO: RESPONSABILIDADE DA ADMINISTRACIÓN. SENTENZA QUE ESTIMA OS ALEGATOS DA DEMANDANTE EN CONDENA AO ABOAMENTO DA INDEMNIZACIÓN PRETENDIDA POLA ACTORA NUN 50% AO APRECIAR A CONCORRENCIA DE CULPAS ENTRE ADMINISTRACIÓN E PREXUDICADO. EXPTE. 5124/111.

Ñ)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 520/10 P.A. DEMANDANTE: Dª RAQUEL RÍOS CAMAÑO. OBXECTO: RESOLUCIÓN DE 23.09.10, CAIDA NA VÍA PÚBLICA. SENTENZA, FIRME, QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6352/111.

O)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 496/10 P.A. DEMANDANTE: D. MARCOS GÓMEZ GONZÁLEZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN DE 24.08.10, ACCIDENTE NA VÍA PÚBLICA. SENTENZA, FIRME, QUE DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6311/111.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das devanditas sentenzas e autos.

2(208).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 967/01.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social Responsable do Programa, do 16.02.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as Dª Maria del Carmen Sueiro González.

3(209).- ABONO CUOTAS COMUNIDADE REPÚBLICA ARGENTINA 12-14 PERÍODO XANEIRO-MARZO 2011. EXPTE. 19122/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 1.02.2011, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización, do 16.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de cotas de comunidade , a Comunidade de Propietarios do inmoible sito na rúa República Argentina nº 12- 14, a cantidade de 5.254,32 euros, polo importe correspondente os meses de xaneiro a marzo de 2010, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Madrid, que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

O gasto deberá imputarse a partida 92202120005 do vixente presuposto.

4(210).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A) SAGRES S.L.-PARTENON. EXPTE. 3534/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 21.02.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a **SAGRES S.L.-PARTENON S.L..** as fianzas de 1.058,27, 2.738,57, 3.863,67, 9.710,22 e 4.185,81 € constituída para responder da subministración de vestiario anos 1999, 2001, 2002, 2003 3 2007 xa que foron recibidos conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

B) UTE A. CABRAL (CORRECCIÓN). EXPTE. 1827/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 28.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a UTE ABASTECIMIENTO A CABRAL a fianza de 18.852,72€ constituída para responder do abastecemento a Cabral e Candean xa que as obras foron recibidas mediante acta de 28.12.2007, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

5(211).- CAMBIO DEFINITIVO DE EMPRAZAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO ÁS ANTIGAS INSTALACIÓNS DA ESCOLA INFANTIL “CRISTO DA VICTORIA”. EXPTE. 12271/332.

Dáse conta, segundo informe do xefe do Servizo de Educación de data 21.02.2011, do cambio definitivo de emprazamento da Escola Municipal de Teatro ás antigas instalacións da Escola Infantil “Cristo da Victoria”, despois de cumprimentar o apartado 3º do acordo adoptado pola XGL o 23.12.2011, ó non presentarse ningunha alegación no prazo estipulado.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

6(212).- BASES E CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (PILIVIGO) ANO 2011. EXPTE. 12506/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico do servizo de Educación e do xefe de servizo, do 23.02.2011, conformado pola concelleira delegada de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as “Bases e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado dos centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo no programa de inmersión en lingua inglesa (PILIVIGO). Convocatoria 2011”, de acordo co texto que se achega no expediente.

**BASES E CONVOCATORIA 2011
PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE
INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (PILIVIGO 2011) DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 3.º DE
ESO DE CENTROS EDUCATIVOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DO CONCELLO
DE VIGO.**

Primeiro.- *Obxecto*

A presente convocatoria ten como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación dun máximo de 290 prazas en réxime de concorrencia competitiva (250 prazas en asignación directa segundo exptes. administrativos 10410/332 e 11485/332 e outras 40 prazas condicionadas á tramitación por parte do Servizo de Educación do expte. para resolución final de acordo de modificación do contrato vencellado co expte. 10410/332 que concretará unha ampliación económica de 100.000.-€) entre o alumnado do 3.º curso de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo para o curso 2010/2011, a fin de que participen no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (PILIVIGO) 2011, que se enmarca dentro do programa educativo municipal Aulas Internacionais.

O alumnado dos centros privados-concertados do municipio, accederá ás prazas que queden dispoñibles (dun máximo de 290) logo de adxudicalas preferentemente entre alumnado da rede pública solicitante que cumpra os requisitos recollidos na convocatoria específica para a selección do alumnado participante no PILIVIGO 2011.

A finalidade do programa PILIVIGO é mellorar a competencia e capacitación en lingua inglesa fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Cada unha das prazas inclúe os seguintes conceptos:

- Estadía durante tres semanas no Reino Unido e/ou Irlanda.
- Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata o destino asignado en Irlanda ou Reino Unido, onde se desenvolverá o programa.
- Monitores trilingües (inglés, castelán, galego) que acompañarán ao alumnado dende o momento da saída e ata o regreso, nunha proporción mínima de dous monitores por cada 25 alumnos participantes (un monitor de 1 a 12 e dous monitores de 13 a 25).
- Matrícula do curso de inmersión en lingua inglesa cun programa de clases de polo menos 20 horas semanais en réxime de inmersión lingüística e programa de integración en escolas públicas ou privadas do Reino Unido e/ou Irlanda.
- Materiais informativos, auxiliares e didácticos adaptados aos contidos do programa.
- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.
- Actividades de lecer, culturais e deportivas extracurriculares.
- Aloxamento en casa de familias anfitrías de fala inglesa.
- Manutención en réxime de pensión completa os sete días da semana.

- Gastos de transporte urbano ao centro escolar onde se impartirá o programa de inmersión lingüística.
- Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Segundo.- *Contía*

A participación no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa implica a total gratuidade para o alumnado beneficiario do mesmo.

A contía máxima de cada praza é de 2.400,01 euros, que abarcará na súa totalidade o financiamento do programa educativo municipal PILIVIGO 2011, que promove o Servizo de Educación do Concello de Vigo e que será dinamizado por unha empresa especializada na prestación de programas de inmersión lingüística, adxudicataria do concurso público convocado ao efecto.

O importe total destinado a financiar as prazas ás que se refire a presente convocatoria ascende a 700.000,00 euros, con cargo á partida orzamentaria 3210.227.99.17 de Aulas Internacionais (B.V.)

Terceiro.- *Programa xeral programa PILIVIGO 2011*

Os contidos do programa de inmersión en lingua inglesa PILIVIGO 2011 atópanse a disposición dos interesados na páxina web do programa <http://www.pilivigo.org>. Os contidos mínimos son os que se expoñen na presente convocatoria.

1. Adxudicatarios e requisitos

Os adxudicatarios da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, de centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

- a) Estar a cursar 3.º da ESO nun centro educativo sostido con fondos públicos do Concello de Vigo durante o curso académico 2010/2011.
- b) Ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO no curso 2009/2010.
- c) Ter obtido como mínimo unha nota de 6 na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO.
- d) Estar empadroadado no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2011, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.
- e) Non ter sido beneficiario/a do programa PILIVIGO na anterior edición 2010, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.
- f) Non ter concedida, no ano 2011, outra axuda coa mesma finalidade.
- g) Ter DNI/NIE, permiso de residencia ou pasaporte en vigor cunha vixencia mínima de 6 meses.

Deberán solicitar as prazas os representantes legais (pai, nai ou titor/a legal) dos alumnos e alumnas.

As prazas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, e as restantes solicitudes serán incluídas nunha lista de agarda en función da puntuación obtida.

2. Número de prazas e destinos

O programa consta dun máximo de 290 prazas, en grupos de máximo 25 participantes e mínimo 12/13 participantes que se asignarán a como mínimo doce destinos e máximo vintecatro centros educativos de integración (High Schools) diferentes no Reino Unido e/ou Irlanda. O Servizo Municipal de Educación reserva para si o dereito de adxudicar destino aos participantes seleccionados atendendo, na medida do posible, ás preferencias indicadas e a cuestións internas de índole organizativa.

3. Duración da estadía

O programa, de tres semanas de duración, comezará na primeira quincena de setembro de 2011 e a data de finalización será como máximo a primeira semana de outubro. Con todo, o calendario definitivo comunicárase aos adxudicatarios nas reunións de orientación que para tal fin organizará o Servizo de Educación do Concello de Vigo.

4. Programa lectivo

O programa componse de estadías dos participantes durante tres semanas no Reino Unido e/ou Irlanda, nas que se combinarán as seguintes actividades lectivas:

Ao longo deste período, terá lugar a inmersión lingüística mediante a integración do alumnado participante en institutos ou escolas públicas ou privadas (High Schools) do Reino Unido e/ou Irlanda, de nivel educativo equivalente á ESO española e simultaneamente impartirase no centro educativo de integración un curso intensivo de inglés para a adaptación e o perfeccionamento lingüístico do alumnado participante. Os High Schools estarán autorizados e recoñecidos polos organismos competentes de cada país e contarán con profesorado nativo, titulado e especializado no ensino do idioma; así mesmo, estarán dotados de recursos audiovisuais e informáticos que favorezan a aprendizaxe e facilitarán o acceso do alumnado a estas instalacións. Asignarase un máximo de 25 alumnos/as participantes ou un mínimo de 12/13 participantes en cada centro, distribuídos en distintos grupos-aula e agrupados seguindo criterios como nivel de coñecemento do idioma e idade.

Realizarase un seguimento individual e un control de asistencia do alumnado con informe final do seu rendemento. O centro de integración expedirá, ao remate da estadía do alumnado, unha certificación na que constará a relación nominal dos estudantes participantes no programa PILIVIGO 2011 que estiveron integrados neste.

5. Programa de actividades extraescolares e de lecer

O programa lectivo complementarase con actividades de lecer (lúdicas, culturais e deportivas) fóra do horario lectivo e durante a tarde, todos os días da semana, agás o domingo, que poderá reservarse para a interacción entre o alumnado participante e as familias. Alomenos unha actividade semanal das programadas contará tamén coa participación activa do alumnado británico, coa finalidade de reforzar o proceso de integración. Estas actividades de lecer e extraescolares desenvolveranse en inglés e guiadas por persoal especializado con coñecementos culturais adaptados a este tipo de actividades.

6. Viaxe e desprazamentos

O aeroporto de saída será prioritariamente o de Vigo. No caso de que o aeroporto de saída fose outro (que non poderá estar a máis de 200 quilómetros de Vigo), a empresa adxudicataria do desenvolvemento do programa PILI trasladará o alumnado a este aeroporto desde os puntos que se determinen desde o Servizo de Educación.

7. Información e asistencia a participantes e familias

Realizarase coas familias unha xuntanza informativa nas dependencias do Servizo de Educación, polo menos unha semana antes do inicio da viaxe. Asemade, antes e durante a viaxe, as familias terán á súa disposición asistencia telefónica e mediante correo electrónico, e poderán acceder a todos os datos relevantes do programa que lles afecten. Así mesmo, e para calquera consulta, os interesados poderán remitirse á oficina do programa PILI do Servizo de Educación, ben no enderezo rúa Oporto n.º1, baixo (36201 Vigo), nos teléfonos 986 44 74 00 e 986 44 93 62, mediante o fax 986 44 93 79, ou a través do correo electrónico pili@vigo.org.

Cuarto.- Publicidade e prazo

A publicación da presente convocatoria, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local, realizarase a través da páxina web do programa <http://www.pilivigo.org> e mediante anuncios na web municipal, nos taboleiros de Concello e dos centros educativos da ESO sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo e igualmente a través dos medios de comunicación locais.

A resolución e a finalidade das prazas, con expresión dos datos identificativos do alumnado, números de expediente, centros educativos de procedencia e a resolución atribuída (adxudicada, denegada ou lista de agarda), será publicada na páxina web específica do programa <http://www.pilivigo.org/> e no taboleiro municipal. Nesta páxina web atoparase a disposición dos interesados toda a información complementaria que poidan necesitar para a presentación das solicitudes.

O prazo para a presentación das solicitudes será do 14 de marzo ao 06 de abril, ambos inclusive. A resolución provisional da convocatoria publicarase a máis tardar o 26 de abril. A partir da data de notificación da concesión das prazas haberá un prazo de 5 días hábiles para presentar por escrito a aceptación ou a renuncia da praza concedida segundo o modelo do Anexo V.

Quinto.- *Solicitudes e documentación*

Solicitudes:

Os alumnos e alumnas que desexen optar a participar no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa poderán recoller o modelo de solicitude (Anexo I) e demais formularios (Anexos II ao V) no Servizo de Educación do Concello de Vigo, sito na rúa Oporto n.º1, baixo, ou ben descargalos da páxina web <http://www.pilivigo.org/>.

A solicitude deberá ser asinada polo solicitante (pai, nai ou titor/a legal) e polo/a alumno/a.

Posteriormente, e sempre antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes, deberán entregar a antedita solicitude e demais anexos debidamente cubertos, xunto coa documentación requirida, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei s/n) ou ben por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro.

No caso de que a solicitude sexa enviada por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar mediante fax á oficina do programa PILI (986.449.379) xustificante do envío postal.

A presentación da solicitude desta praza levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación na páxina web do Servizo de Educación así como nos taboleiros de anuncios do Concello e dos centros educativos de Educación Secundaria Obrigatoria sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo.

Documentación:

- a) Solicitude da praza debidamente cuberta e asinada polo solicitante, segundo modelo que figura no **Anexo I**.
- b) Fotocopia simple do DNI/NIE ou pasaporte en vigor do/a alumno/a adxudicatario/a en vigor (mínimo por 6 meses). No caso de alumnado estranxeiro, deberán presentar fotocopia simple da tarxeta de residencia ou de estancia por estudos e o pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses).
- c) Certificación académica orixinal, segundo modelo que figura no **Anexo II**, emitida polo centro educativo na que deberá figurar que o alumno/a está matriculado en 3º de ESO nun centro sostido con fondos públicos do Concello de Vigo no curso 2010/2011, e con mención específica da nota na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO, que deberá ser como mínimo dun 6, e de ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO.
- d) Autorización asinada polo pai, nai ou titor legal, segundo o modelo que figura no **Anexo III**.
- e) Fotocopia simple do DNI/NIE do solicitante (pai, nai ou titor legal) que asina a autorización do Anexo III.

- f) Fotocopia simple y completa do libro de familia ou documentación acreditativa da titoría legal e, de ser o caso, acreditar outras circunstancias familiares especiais co achegamento da fotocopia simple do título de familia numerosa en vigor.
- g) Declaración de non ter concedida, no ano 2011, outra axuda coa mesma finalidade, segundo o modelo que figura no **Anexo IV**.
- h) No caso de que o participante precise de atencións médicas especiais (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias, etc.), deberá presentar un certificado médico orixinal que así o acredite.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificados documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas.

A obtención e disfrute da praza falseando os condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impedirían, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custe da praza concedida, e a exixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Sexto.- Tramitación e reparación de erros

A instrución do procedemento de adxudicación das prazas convocadas corresponde ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa destes e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que repare os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 71.1 da Lei 30/1992 para que no prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos requiridos, e se lle informará de que, no caso de non o facer, entenderase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

Sétimo.- Criterios de valoración

A selección das solicitudes determinarase mediante tres criterios:

- a) O correcto cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases.
- b) A puntuación obtida na nota final da materia de Lingua inglesa segundo o seguinte baremo:
 - Nota final: 6 → 1 punto
 - Nota final: 7 → 2 puntos
 - Nota final: 8 → 3 puntos
 - Nota final: 9 → 4 puntos
 - Nota final: 10 → 5 puntos
- a) A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia numerosa, de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, á que se aplicará o seguinte baremo:
 - Categoría xeral → 1 punto
 - Categoría especial → 2 puntos

No caso de se producir empates na puntuación final, estes resolveranse mediante un sorteo en acto público no que se extraerán dúas letras. O/a primeiro/a solicitante seleccionado será aquel cuxo primeiro apelido comece polas dúas letras extraídas, pola orde de extracción. Non se terán en conta artigos ou preposicións que acompañen aos apelidos. De non existir un solicitante cuxo primeiro apelido comece polas dúas letras extraídas, o primeiro solicitante seleccionado será aquel cuxo primeiro apelido sexa o inmediato posterior de acordo coa orde alfabética. En caso de empate darase preferencia ao solicitante de máis idade.

Para o caso de que haxa prazas vacantes por renuncia, estas serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de lista de agarda.

Convócase un máximo de 290 prazas en réxime de concorrencia competitiva (250 prazas en asignación directa segundo exptes. administrativos 10410/332 e 11485/332 e outras 40 prazas condicionadas á tramitación por parte do Servizo de Educación do expte. para resolución final de acordo de modificación do contrato vencellado co expte. 10410/332 que concretará unha ampliación económica de 100.000.-€) entre o alumnado dos centros sostidos con fondos públicos ubicados no termo municipal de Vigo. Neste proceso selectivo o alumnado dos centros privados-concertados do municipio, accederá ás prazas que queden dispoñibles (dun máximo de 290) logo de adxudicalas preferentemente entre alumnado da rede pública solicitante que cumpra os requisitos recollidos nesta convocatoria específica para a selección do alumnado participante no PILIVIGO 2011.

Oitavo.- *Comisión de valoración*

A Comisión de valoración estará integrada pola Concelleira Delegada do Servizo de Educación, que actuará de presidenta, o xefe de servizo e o técnico responsable do programa, que actuará como secretario. Este órgano colexiado emitirá unha proposta de resolución na que se concretará o resultado da convocatoria de prazas para a participación no PILIVIGO 2011.

A presidenta poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor técnico ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

Noveno.- *Concesión e resolución das prazas*

Unha vez avaliadas as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto sétimo, o Servizo municipal de Educación, conforme aos informes da Comisión de valoración, elevará a Xunta de Goberno Local unha proposta de resolución que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, número de expediente, centro educativo de procedencia e resolución das prazas, indicando o estado de adxudicada, lista de agarda ou denegada, con indicación do motivo ou motivos polos que se denega. Así mesmo, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder despréndese que os adxudicatarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás prazas. Esta relación exporase na web <http://www.pilivigo.org/>, no taboleiro de anuncios do Servizo de Educación e nos taboleiros de anuncios dos centros educativos que aporten alumnado participante.

O prazo de resolución e notificación das prazas non excederá de 15 días hábiles contados dende o remate do prazo de presentación de solicitudes.

Décimo.- *Aceptacións e renuncias*

Os alumnos e alumnas que resulten adxudicatarios das prazas para participar no programa PILIVIGO 2011 deberán presentar asinada no Servizo de Educación do Concello de Vigo, sito na rúa Oporto n.º1, baixo, unha aceptación expresa segundo o modelo que figura no **Anexo V** nun prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación da concesión da praza.

Inda que se teña aceptado a praza coa sinatura do Anexo V, todo aquel alumno/a beneficiario/a que 8 semanas antes da data de saída da viaxe, non teña presentado na oficina de PILIVIGO a documentación necesaria para a realización da viaxe, perderá a praza adxudicada, que será ofertada ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de lista de agarda.

Décimo primeiro.- *Expulsión do programa*

Poderán ser causas para a expulsión dun alumno do programa as faltas de disciplina, o reiterado mal comportamento e o incumprimento das normas de disciplina establecidas.

Serán motivos de expulsión inmediata os seguintes:

- O incumprimento das leis do país en que se desenvolve o programa.

- O consumo de alcohol se non se ten a idade legal para facelo no país onde se desenvolve o programa.
- O consumo ou a posesión de drogas.
- Aqueles outros motivos que se recollan no regulamento de réxime interno do programa.

No caso de expulsión, o expulsado deberá facerse cargo dos gastos ocasionados polo seu regreso anticipado.

Décimo segundo.- Reclamacións

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo dun mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Décimo terceiro.- Disposición adicional

As persoas solicitantes, tal como ven recollido no Anexo I, autorizan expresamente ao Servizo de Educación a inclusión e publicidade nos rexistros municipais dos datos básicos relevantes referidos ás prazas concedidas.

Seguindo os principios de transparencia e de boas prácticas nas administracións públicas, a Concellería de Educación publicará na súa páxina web oficial a relación dos adxudicatarios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos adxudicatarios e da súa publicación na citada páxina web.

A reserva que o/a solicitante faga no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a praza ou, no seu caso, á revogación do acto de concesión.

Décimo cuarto.- Disposición final

En todo aquilo non contemplado na presente convocatoria, será de aplicación o regulamento de réxime interno que será establecido polo Concello de Vigo

ANEXO I

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA PILIVIGO 2011
(CUMPRIMENTAR EN LETRA DE IMPRENTA)**

1. Datos do/a solicitante (pai, nai ou titor legal do/a alumno/a)					
Primeiro apelido:					
Segundo apelido:					
Nome:			DNI / NIE		
Enderezo:	Rúa	N.º	Piso	Bloque	C.P.
Poboación:		Provincia:			
Data de nacemento:		Sexo:		Home	Muller
Teléfono fixo:			Teléfono móbil:		
Correo electrónico:					

2. Datos do/a alumno/a					
Primeiro apelido:					
Segundo apelido:					

Nome:		DNI / NIE			
Enderezo:	Rúa	N.º	Piso	Bloque	C.P.
Poboación:		Provincia:			
Data de nacemento:	Sexo:		Home	Muller	
Teléfono fixo:		Teléfono móbil:			
Correo electrónico:					

3. Observacións	Réxime alimenticia, alerxias, doenzas, etc.:				
4. Datos académicos	Centro no que estuda:				
	Nivel de estudos no curso 2010/2011:				
Cualificación en Lingua inglesa en 2.º de ESO:	6	7	8	9	10
Todas as materias de 2.º de ESO aprobadas:	Si				

5. Datos relativos ao adxudicatario	É de nacionalidade española ou residente legal:				Si
	Está empadroado no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2011 :			Si	
	Está matriculado nun centro educativo sostido con fondos públicos de Vigo no curso 2010/11:			Si	
	Ten concedida , no ano 2011, outra axuda coa mesma finalidade que a presente:		Si	Non	

6. Documentación que achega (risque cun X)
Fotocopia simple do DNI/NIE, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) do/a alumno/a.
Fotocopia simple do DNI/NIE, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) do pai, nai ou titor legal.

Fotocopia simple e completa do libro de familia (en vigor) ou documentación acreditativa da titoría legal.
Certificación académica orixinal emitida polo centro educativo na que conste estar matriculado en 3º da ESO no curso 2010/2011, a nota final en Lingua inglesa de 2º de ESO e ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO.
Outros (especificar):

Solicita, segundo o establecido na convocatoria do programa PILIVIGO 2011, que se lle conceda a mencionada praza para a participación no programa indicado. Así mesmo, autoriza ao Servizo de Educación para o tratamento necesario e a publicación destes datos.

Solicitante (pai, nai ou titor legal)

Alumno/a adxudicatario/a

Vigo, de de 2011

ANEXO II

CERTIFICACIÓN DO CENTRO EDUCATIVO

Programa PILIVIGO 2011

Don/Dona:....., como
 director/a ou secretario/a do centro
 educativo
 verifica que o/a
 alumno/a
 solicitante dunha praza no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (PILIVIGO 2011), organizado polo
 Servizo de Educación do Concello de Vigo:

- Está matriculado neste centro en 3º da ESO no curso 2010/2011.
- Ten todas as materias aprobadas de 2º da ESO.
- Ten unha nota media en lingua inglesa en 2º da ESO de

Vigo, de de 2011

Asinado

Selo do Centro

A N E X O I I I

AUTORIZACIÓN DO/A REPRESENTANTE LEGAL

Programa PILIVIGO 2011

Don/Dona:....., co
DNI/NIE nº, como pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a adxudicatario/a
autoriza
.....,
a participar no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (PILIVIGO 2011) organizado polo Servizo de
Educación do Concello de Vigo durante o período setembro-outubro de 2011, e a recibir a atención
médica que, de darse o caso, fose precisa.
Asemade, quedo enterado/a de que deberei aceptar ou rexeitar expresamente a praza.

Vigo, de de 2011

Asinado.

pai/nai/titor/a legal:

ANEXO IV

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE AXUDAS CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE

Programa PILIVIGO 2011

Don/Dona:....., co
DNI/NIE nº, como pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a
.....,co DNI/NIE nº

Tendo presentado unha solicitude para a participación no Programa Municipal de Inmersión en Lingua
Inglesa (PILIVIGO 2011), consonte as “bases e convocatoria para a adxudicación de prazas no
PILIVIGO 2011 dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos sostidos con fondos públicos
do Concello de Vigo”

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

| Que ten concedidas no ano 2011 as seguintes axudas, de calquera Administración ou calquera
dos seus organismos, entes ou sociedades en relación con programas de inmersión lingüística:

.....
.....
.....

| Que non ten concedida no ano 2011 ningunha outra axuda para a participación en actividades de
inmersión lingüística coa mesma finalidade que as previstas no PILIVIGO 2011.

E, para que así conste, asino esta declaración no lugar e data de abaixo indicados

Asinado.

pai/nai/titor/a legal:

Vigo, de de 2011

ANEXO V

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA CONCEDIDA

Programa PILIVIGO 2011

Datos do solicitante:

DNI/NIE:

Nome:

1º apelido:

2º apelido:

Datos do alumno/a:

DNI/NIE:

Nome:

1º apelido:

2º apelido:

ACEPTACIÓN	RENUNCIA

A aceptación da presente praza implica o desenvolvemento do programa PILIVIGO 2011 consonte coas bases da súa convocatoria

Sinatura do pai, nai ou titor legal

Sinatura do/a adxudicatario/a

Vigo, de de 2011

7(213).- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO. EXPTE. 12490/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico do servizo de Educación, do 10.02.2011, conformado polo xefe do servizo e pola concelleira delegada da área de Educación, co fiscalizado de conformidade da xefa do servizo de Fiscalización, do 24.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios publicos de Vigo, as persoas que de seguido se relacionan, con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2011.

ZONA 1.

PEDRO Mª VÁZQUEZ IGLESIAS (NIF 11.904.805-M) Pertence ao Grupo A2

1. CEIP Emilia Pardo Bazán.
2. CPI Celso Emilio Ferreiro.
3. EEI Cristo da Victoria.
4. CEIP Illas Cies
5. CEIP Escultor Acuña.
6. CEIP Seis do Nadal.
7. CEIP Pintor Laxeiro.
8. CEIP Sárdoma Moledo
9. CEIP Balaídos.
10. CEIP Valle Inclán.

11. CEE Saladino Cortizo.
12. CEP Doutor Fleming.
13. CEIP Lope de Vega.
14. CEIP Picacho – Ramón y Cajal.

ZONA 2.

MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ (NIF 36.000.484-X) Pertence ao Grupo C

1. CEIP Josefa Alonso.
2. CEIP Otero Pedraio.
3. CEIP Ría de Vigo.
4. CEIP Igrexa-Valadares.
5. CEIP Sobreira-Valadares.
6. EEI Monte do Alba.
7. EEI Zamáns.
8. CEIP García Barbón.
9. CEIP Cabral-Sello.
10. CEIP Cabral-Carballal.
11. CEIP Santa Marina-Becerreira.
12. CEIP Carrasqueira Coruxo.
13. CEIP Carrasqueira Tintureira.
14. CEIP Beade Coutada.

ZONA 3.

ROSA MARÍA TORRES BOUZAS (NIF 36.019.300-N) Pertence ao Grupo C

1. Escola Infantil Municipal Sta. Cristina.
2. Escola Infantil Municipal Atalaia.
3. Escola Infantil Municipal Sta. Marta.
4. Escola Infantil Municipal Costeira.
5. EEI Palencia.
6. EEI Monte da Guia.
7. EEI Villalaura.
8. CEIP Altamar.
9. CEIP Canicouva.
10. CEIP Mestres Goldar.
11. EEI Nogal.
12. EEI Hernán Cortés.
13. EEI Aragón.
14. CEIP Frián-Teis.
15. CEIP Teis-Espiñeiro Santa Tegra.

ZONA 4.

IGNACIO OJEA PÉREZ (NIF 36.046.809-J) Pertence ao Grupo A1

1. CEIP Candeán Igrexa.
2. CEIP Candeán Fonteescura.
3. CEIP Alcabre- Javier Sensat.
4. CEIP Bouzas Virxe do Rocío.
5. CEIP Navia A. R. Castelao.
6. CEIP Comesaña-Párroco Don Camilo.
7. CEIP Mosteiro-Bembrive.
8. CEIP Chans-Bembrive.
9. CEIP Doblada.
10. CEIP Lavadores San Paio- Eduardo Pondal.
11. CEIP Pombal.
12. CEIP Teis Paraixal.
13. CEIP Teis-Igrexa San Salvador.

14. CEIP Teis-Coutadas Vicente Risco

Segundo.- Aprobar a aplicación para este concepto da dieta de 39,78.-€, establecida na actualidade para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos A e B; e da dieta de 36,72.-€, establecida na actualidade para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos C e D, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

A previsión do gasto anual polo concepto “Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo” é de 12.000.-€, con cargo á partida 3210.233.00.00 do presuposto de 2011.

Terceiro.- Establecer a perda da condición de representante municipal para quen non xustifique, antes da súa realización, a súa ausencia á reunión do consello escolar de centro ou á de coordinación do Servizo de Educación que, a fin de estudar a situación xeral, se convocará, cando menos, quincenalmente.

8(214).- SERVIZOS DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DOS TÚNELES PROPIEDAD DO CONCELLO DE VIGO, MES DE XANEIRO. EXPTE. 13703/444.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe dos servizos de Electromecánicos, do 7.02.2011, conformado pola concelleira delegada da área de Servizos Xerais, e co informe do Interventor Xeral do 15.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva por importe total de **46.457,81 Euros**, correspondente á facturación do mes de xaneiro do ano 2011, con cargo á partida orzamentaria “*Mantenimento Túneis e Pasos Inferiores*” 1650.227.99.02, así como, recoñecer a obriga a favor da UTE Imes-Esycsa polo citado importe, por prestación do devandito servizo.

9(215).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DE INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DE ALUMEADO, NO ENTORNO DA RÚA CELSO EMILIO FERREIRO. EXPTE. 761/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de área de Servizos Xerais, do 23.02.2011, e co informe do asesor xurídico da área do 23.02.2011, conformado polo letrado asesor da Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 Coste cero do “PROXECTO DE INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO, MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ENTORNO DA RÚA CELSO EMILIO FERREIRO”, cun importe adicional líquido de 12.444,94 Euros correspondente á variación do IVE, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificadas no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 17 de febreiro de 2011.

10(216).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POLA PRESTACIÓN EFECTIVA DO SERVIZO DE XESTIÓN DOS RESIDUOS VOLUMINOSOS, NO MES DE NOVEMBRO 2010 POR PARTE DA MERCANTÍL TOCA Y SALGADO S.L. EXPTE. 2895/252.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Limpeza, do 28.01.2011, conformado pola concelleira delegada de Limpeza, e co informe do Interventor Xeral do 4.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

- Aprobar a indemnización substitutiva pola prestación efectiva do servizo de xestión dos residuos voluminosos (Ler 200307) da cidade de Vigo no mes de novembro do ano 2010 por parte da Mercantil TOCA Y SALGADO S.L.
- Recoñecer a obriga económica a favor da referida empresa polo importe de 15.155,42 euros, Ive engadido, en concepto de resarcimento pola prestación realizada no mes de novembro do 2010.
- Imputar o gasto ao crédito existente na partida 1620..2270017 do vixente Orzamento de Gastos.

11(217).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A CONSTRUCCIONES ANTONIO VARELA VILLAMOR S.L., POR OBRAS NA RÚA TEOFILO LLORENTE, TRASEIRA REAL Nº 16. EXPTE. 79557/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Transportes, do 9.02.2011, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 23 de setembro de 2008 por CONSTRUCCIONES ANTONIO VARELA VILLAMOR, S.L con CIF B-36150738, por un importe de 12.000 €, para responder dos posibles danos que se puideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa TEOFILO LLORENTE, traseira Real, nº 16, por non producirse danos.

12(218).- DAR CONTRA DO DECRETO DO SR. ALCALDE DE DATA 14.02.2011, DE FELICITACIÓN AOS FUNCIONARIOS DA POLICÍA LOCAL CON CARNÉ PROFESIONAL Nº 103, D. CONSTANTE ALONSO CARIDE E Nº 435 D. DAVID FERNÁNDEZ GONZÁLEZ. EXPTE. 34598/212.

Dáse contra do decreto do Alcalde, de data 14.02.2011, co dou fe do Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, que di o que segue:.

“Visto o informe-proposta do superintendente Xefe da Policía Local, coa conformidade do Concelleiro Delegado, de data 8 de febreiro de 2011, e en virtude das

facultades que legalmente me corresponden, veño en propoñer á Xunta do Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar a proposta formulada polo Superintendente Xefe da Policía Local con data de 8 de febreiro de 2011 e, xa que logo, a Xunta de Goberno Local felicite aos funcionarios da Policía Local con carné profesional N° 103 D. CONSTANTE ALONSO CARIDE e N° 435 DAVID FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, pola actuación que despregaron en torno os feitos acontecidos o día 16 de setembro de 2010, que se relatan non citado informe-proposta transcrito nos antecedentes deste acordo.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

13(219).- DAR CONTRA DO DECRETO DO SR. ALCALDE DE DATA 14.02.2011, DE FELICITACIÓN AOS FUNCIONARIOS DA POLICÍA LOCAL CON CARNÉ PROFESIONAL N° 485, D. DIEGO COSTAL GONZÁLEZ E N° 417 D. ROBERTO LORENZO ALONSO. EXPTE. 34597/212.

Dáse contra do decreto do Alcalde, de data 14.02.2011, co dou fe do Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, que di o que segue:.

“Visto o informe-proposta do superintendente Xefe da Policía Local, coa conformidade do Concelleiro Delegado, de data 10 de febreiro de 2011, e en virtude das facultades que legalmente me corresponden, veño en propoñer á Xunta do Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar a proposta formulada polo Superintendente Xefe da Policía Local con data de 10 de febreiro de 2011 e, xa que logo, a Xunta de Goberno Local felicite aos funcionarios da Policía Local con carné profesional, N° 485 D. DIEGO COSTAL GONZÁLEZ e N° 417 D. ROBERTO LORENZO ALONSO pola actuación que despregaron en torno os feitos acontecidos o día 15 de xaneiro, que se relatan non citado informe-proposta transcrito nos antecedentes deste acordo.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

14(220).- DAR CONTRA DO DECRETO DO SR. ALCALDE DE DATA 8.02.2011, DE FELICITACIÓN AO FUNCIONARIO DA POLICÍA LOCAL CON CARNÉ PROFESIONAL N° 123, D. JOSE LUIS BLAS FONDÓS. EXPTE. 34596/212.

Dáse contra do decreto do Alcalde, de data 8.02.2011, co dou fe do Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, que di o que segue:.

“Visto o informe-proposta do superintendente Xefe da Policía Local, coa conformidade do concelleiro delegado, de data 8 de febreiro de 2011, e en virtude das facultades que legalmente me corresponden, veño en propoñer á Xunta do Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar a proposta formulada polo Superintendente xefe da Policía Local con data de 8 de febreiro de 2011 e, xa que logo, a Xunta de Goberno Local felicite ao funcionario da Policía Local con carné profesional N° 123 D. JOSÉ LUIS BLAS FONDÓS, pola actuación que despregou en torno os feitos acontecidos o día 24 de outubro de 2010, que se relatan non citado informe-proposta transcrito nos antecedentes deste acordo.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

15(221).- DAR CONTRA DO DECRETO DO SR. ALCALDE DE DATA 14.02.2011, DE FELICITACIÓN AOS FUNCIONARIOS DA POLICÍA LOCAL CON CARNÉ PROFESIONAL N° 477, D. JOSE MANUEL VERDE VIEITEZ E N° 471 D. ENRIQUE PERALES RODRÍGUEZ. EXPTE. 34595/212.

Dáse contra do decreto do Alcalde, de data 14.02.2011, co dou fe do Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, que di o que segue:.

“Visto o informe-proposta do superintendente Xefe da Policía Local, coa conformidade do Concelleiro Delegado, de data 9 de febreiro de 2011, e en virtude das facultades que legalmente me corresponden, veño en propoñer á Xunta do Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar a proposta formulada polo Superintendente Xefe da Policía Local con data de 8 de febreiro de 2011 e, xa que logo, a Xunta de Goberno Local felicite aos funcionarios da Policía Local con carné profesional N° 477 D. JOSÉ MANUEL VERDE VIEITEZ e N° 471 D. ENRIQUE PERALES RODRÍGUEZ, pola actuación que despregaron en torno os feitos acontecidos o día 8 de febreiro de 2011, que se relatan non citado informe-proposta transcrito nos antecedentes deste acordo.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

16(222).- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DISCIPLINARIO AO FUNCIONARIO DE CARREIRA CON POSTO DE TRABALLO DE POLICÍA LOCAL, D. ANTONIO GUEDELLA FERNÁNDEZ. EXPTE. 34505/212.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do superintendente xefe da Policía Local, do 16.02.2011, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Ordenar a incoación de expediente disciplinario ao funcionario de carreira do concello de Vigo, con posto de traballo de Policía local D. Antonio Guedella Fernández, a efectos de determinar a posible existencia dunha falta disciplinaria de abuso de atribucións, segundo os feitos descritos no parte de servizo da Policía local de data 24 de xuño de 2010, subscrito polo Inspector con carné profesional nº. S-92.

2º.- No propio decreto de incoación deberá nomearse instrutor e secretario na forma establecida pola L.O. 4/2010.

17(223).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN SOBRE ENCOMENDA DE FUNCIÓNS DO EMPREGADO D. JOSÉ LUIS AMOEDO MOREIRA. EXPTE. Nº 21846/220

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, do 1.02.2011, co dou fe do Secretario do Goberno Local, que di o seguinte:

“Con data 24 de xaneiro 2011, o xefe de área de Servizos Xerais e o Xefe do Parque Móbil co conforme da Sra. Concelleira de Servizos Xerais e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, remiten a este Servizo de Recursos Humanos, solicitude de encomenda de funcións como Capataz do Parque Móbil para o xefe de equipo D. Jose Luis Amoedo Moreira.

Dita petición prodúcese como consecuencia da xubilación do Capataz do Servizo D. José Luis Gómez Alvarez, con efectos do día 27 de maio de 2009, e a posterior xubilación do xefe de equipo ao que se lle encomendaron ditas funcións por resolución de 8 de xuño de 2009, e na necesidade de que alguén leve a cabo as tarefas de coordinación do distinto persoal do servizo, en tanto non se cubra dita vacante polo procedemento que corresponda, tendo en conta que para o desenvolvemento do posto de capataz, encadrado no subgrupo C2, esíxese a mesma titulación que a que posúe o Xefe de Equipo proposto encadrado no mesmo subgrupo de titulación.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións, así como o art. 81.3 que establece que en caso de urxente e inaprazable necesidade, os postos de traballo poderán proverse con carácter provisional debendo procederse a súa convocatoria pública dentro do prazo que sinalen as normas que sexan de aplicación.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente a D. Jose Luis Amoedo Moreira, con nº de persoal 22467, oficial de oficios con posto de Xefe de Equipo, funcións de Capataz do Parque Móbil, posto que figura vacante na vixente relación de postos de traballo, como consecuencia da xubilación do seu titular con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende o 1 de febreiro de 2011, dispoñéndose a cesación automática da citada encomenda no momento no cal se produza a cobertura, mediante algún dos mecanismos legalmente previstos en todo caso ata 31 de xullo do presente ano 2011, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Terceiro.- Da presente resolución dese traslado ao interesado, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura do Parque Central de Servizos, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

18(224).- PRODUTIVIDADE DO PERSOAL S.E.I.S., MESES DE NOVEMBRO-DECEMBRO 2010 E XANEIRO 2011. EXPTE. 21806/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 8.02.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 15.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

- Outorgar ao persoal do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento contido na relación que se achega e que comeza con por D Francisco J Abreu Torres e remata por D Manuel Villar Dominguez, un complemento de produtividade polas labouras realizadas ao longo dos meses de novembro e decembro do ano 2010 e xaneiro 2011..

PERSOAL	APELIDOS E NOME	CATEGORÍA	IMPORTE
20586	ABREU TORRES, FRANCISCO J.	Bombeiro	1.304,42 €
16509	AGUIRRE RODRIGUEZ, MANUEL	Bombeiro	1.189,44 €
14060	ALONSO ABALDE, MANUEL	Bombeiro	396,48 €
20592	ALONSO COVELO, VICENTE	Cabo.Bom	409,20 €
20801	ALONSO VILLAR, JUSTO	Cabo.Bom	1.636,80 €
14048	ALVAREZ CRESPO, CAMILO	Cond.Bomb	1.585,92 €
20600	ALVAREZ DIAZ,JOSE ANTONIO	Bombeiro	792,96 €
80562	ALVAREZ SALGUEIRO, DAVID	Bombeiro	1.189,44 €
17153	ALVES DIZ, MIGUEL	Cond.Bomb	792,96 €
14686	CALADO GARCIA-Santamarina, Vicente	Bombeiro	1.189,44 €
21491	CARBALLO LEIROS, JOSE	Bombeiro	1.982,40 €
20994	CARIDE GRANDAL, J. LUIS	Bombeiro	1.189,44 €
20824	CARIDE GRANDAL J.ANTONIO	Bombeiro	1.189,44 €
14657	CASALDERREY SANMARTIN, EDUARDO	Bombeiro	1.982,40 €
78776	CASTIÑEIRAS BUJAN, ADRIAN DIEGO	Conductor	792,96 €
76515	CENTENO MOLARES, JOSE CARLOS	Cond.Bomb	808,82 €
22600	COLLAZO REGUEIRO,JOSE RAMON	Bombeiro	1.601,78 €
16426	CONDE CABALEIRO,MANUEL	Bombeiro	808,82 €
20617	COSTA RIVAS,JOSE	Bombeiro	792,96 €
20971	COSTA RIVERO, JOSE MANUEL	Bombeiro	1.189,44 €
14717	COSTAS MARCOS, JESUS	Bombeiro	396,48 €
16811	DE NOVOA SEIJO, MANUEL VICENTE	Bombeiro	1.982,40 €
20988	DIAS DE LA IGLESIA ,EMILIO	Bombeiro	1.189,44 €
14628	DURAN CALVO, ESTANISLAO	Sar, X. P.	458,40 €
20847	ESTEVEZ ALVAREZ ,ROBERTO	Bombeiro	1.189,44 €
18508	FERNANDEZ CABALEIRO, JOSE LUIS	Cabo.Bom	2.201,50 €
18514	FERNANDEZ FDEZ, JUAN LUIS	Bombeiro	15,86 €

79347	FERNÁNDEZ LEMOS, DAVID ANTONIO	Bombeiro	2.394,74 €
79040	FERNANDEZ LODEIRO, EMILIO	Conductor	396,48 €
79345	FONTELA GÓMEZ, ANTONIO	Bombeiro	808,82 €
13250	FREIRIA BARROS ,J. CARLOS	Cond. Bom	1.982,40 €
78777	FUENTES DOMINGUEZ, JOAQUIN	Cabo bomb	527,87 €
13965	GANDARA MARTINEZ, JOAQUIN	Cond.Bomb	792,96 €
10808	GARCIA GONZALEZ , J. MANUEL	Sar. X.Q.	403,39 €
20630	GARCIA GONZALEZ ,PERFECTO	Bombeiro	1.585,92 €
76518	GARCIA PONTES, IGNACIO	Cond. Bom	1.585,92 €
20942	GOMEZ MOURE, JUAN CARLOS	Bombeiro	1.982,40 €
80559	GONZALEZ RIVEIRO, DAVID	Cond.Bom	1.617,64 €
79342	GONZÁLEZ RIVEIRO, JORGE	Cond. Bom	1.982,40 €
20876	GROSSI MARTINEZ ,FERNANDO	Bombeiro	1.998,26 €
15562	IGLESIAS COMESAÑA, GUILLERMO	Cond.Bomb	1.700,90 €
20646	IGLESIAS LAMEIRO ,ANGEL	Bombeiro	792,96 €
79341	ILLAN LOMBAO, JUAN CARLOS	Cabo bomb	409,20 €
17561	JARDON LOSADA, SATURNINO	Cond.Bomb	1.189,44 €
14090	LOPEZ LANDESA, FELIX	Cabo.Bom	937,07 €
20853	LOPEZ RIOCABO ,JESUS	Cabo.Bom	425,57 €
16461	LOPEZ RODRIGUEZ, A. BENIGNO	Bombeiro	1.189,44 €
20652	MOLEDO ALONSO, M. ENRIQUE	Cond.Bomb	2.791,22 €
20899	MOLEDO ALONSO, RAFAEL	Suboficial	2.081,93 €
79043	MOLEDO ALONSO, ROBERTO	Bombeiro	1.189,44 €
14002	MOREIRA VIDAL ,SALVADOR	Cond.Bomb	792,96 €
80563	MOSQUERA ESTEVEZ, DAVID	Bombeiro	808,82 €
76517	NOGUEIRA CASAS, JOSE	Cond.Bomb	907,94 €
21373	OTERO IGLESIAS, SANTIAGO	Bombeiro	1.982,40 €
17087	OTERO MARTINEZ, MANUEL	Bombeiro	114,98 €
20793	PELETEIRO LOGROÑO ,J. JAVIER	Cond.Bomb	1.585,92 €
23567	PEREZ GIL, FRANCISCO JAVIER	Bombeiro	1.601,78 €
79042	PEREZ GONZALEZ, RICARDO	Conductor	396,48 €
13936	PEREZ RUIZ, ETELVINO	Cond.Bomb	396,48 €
80474	PIÑEIRO HERMIDA, DAVID	Bombeiro	1.205,30 €
16917	RICOY MARTINEZ, LUIS	Cond.Bom	1.601,78 €
78781	RIVERO ALVAREZ, FCO JAVIER	Bombeiro	2.378,88 €
13959	ROCA MIRON ,MANUEL	Bombeiro	2.014,12 €
14054	RODRIGUEZ DURAN, JESUS	Suboficial	2.002,57 €
20669	RODRIGUEZ LAGO, CARLOS	Cabo.Bom	1.690,00 €
8846	RODRIGUEZ LOPEZ, JOSE	Cabo.Cond	2.487,94 €
79046	RODRÍGUEZ MACÍAS, RAFAEL	Bombeiro	2.775,36 €
79344	RODRÍGUEZ MOREIRA, VICTOR MAN	Bombeiro	1.585,92 €
13267	RODRIGUEZ VAZQUEZ, MANUEL	Cond.Bom	1.982,40 €
20907	ROMERO FIGUEIRIDO,JOSE C.	Bombeiro	1.189,44 €
20965	ROMERO IGLESIAS,RAFAEL	Cabo bomb	1.227,60 €
79340	SÁNCHEZ SALGUEIRO, LUIS MIGUEL	Cond. Bom	1.189,44 €
78138	SANLÉS DOMÍNGUEZ, SERGIO	Bombeiro	1.585,92 €
14640	SAYAR VILA, JESUS	Bombeiro	1.585,92 €
80560	SENRA PÉREZ, PABLO	Bombeiro	1.585,92 €
14077	SIO MARTINEZ, FERNANDO	Bombeiro	1.982,40 €
77168	SOAGE BERMUDEZ, HECTOR	Cabo bomb	409,20 €
20959	SOAGE BERMUDEZ, IVAN	Bombeiro	1.189,44 €
20936	SUAREZ FERNANDEZ, JOSE M.	Bombeiro	1.189,44 €
78778	SUAREZ RODRIGUEZ, JOSE MANUEL	Bombeiro	396,48 €
14019	TRONCOSO PADIN, LINO	Cond.Bom	792,96 €
16455	VAZQUEZ COSTAS, CONSTANTINO	Bombeiro	1.189,44 €

14670 VAZQUEZ GONZALEZ, DOMINGO	Suboficial	1.535,77 €
77034 VAZQUEZ PAZÓ, MODESTO	Cond.Bom	114,98 €
79044 VEIGA GARCÍA, RUBÉN	Bombeiro	907,94 €
18483 VILLAR DOMINGUEZ, MANUEL	Bombeiro	1.189,44 €
		108.599,14 €

- Aprobar e comprometer o gasto por importe de total de 108.599,14 €, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade”, a favor dos funcionarios incluídos na listaxe anterior

Dese traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

19(225).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE MAQUINARIA PESADA DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE 2010. EXPTE. 21791/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 7.01.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 15.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móbil, por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 4º TRIMESTRE-2010, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Angel Alonso González remata por don Florentino Prieto Domínguez, e que ascenden a un total de 1.963’38 € (MIL NOVECIENTOS SESENTA E TRES EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS) con cargo ao RC 40869 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”

20(226).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO 2011. EXPTE. 21792/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 8.02.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 15.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura nas relacións que se achegan e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández,

as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de XANEIRO-2011 e que ascenden a un total 733'20 € (SETECENTOS TRINTA E TRES EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”

21(227).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO 2011. EXPTE. 21793/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 8.02.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 15.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Xaneiro de 2011, e que ascenden a un total de 1.186'64 €, con cargo ao RC nº 40869 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

22(228).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO 2011. EXPTE. 21794/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 8.02.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 15.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aboar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, as cantidades que figuran na relación que se achega e que comeza por don Antonio Amoedo Garcia e remata por don Florentino Prieto Domínguez, e que ascende a un total de 90'70 euros, correspondente ao mes de Xaneiro de 2011 con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

23(229).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO 2011. 21795/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 8.02.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 15.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e

extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de XANEIRO-2011, e que ascenden a un total de 649'46 € (SEISCENTOS COARENTA E NOVE EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións”.

24(230).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL QUE TRABALLOU OS DÍAS 24, 25 E 31 DE DECEMBRO DE 2010 E 1 DE XANEIRO DE 2011. EXPTE. 21796/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 7.02.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 15.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñecer e aboar ó persoal que figura nas relacións que a continuación se indican as cantidades que figuran para cada un deles e que ascende a un total de 27.261'46 €, por prestar servizos entre as 22'00 horas do día 24 e ás 15'00 horas do día 25 de decembro, e no mesmo horario os días 31 de decembro de 2010 e 1 de xaneiro de 2011.

SERVIZO	RELACIÓNS	IMPORTE
CEMITERIOS	De Jesús Álvarez Lago a Delmiro Vilanova Acuña	2.084'64
BOMBEIROS	De Francisco J. Abreu Torres a Manuel Villar Domínguez	5.993'34
MONTES, PARQUES E XARDÍNS	De Alfonso Casas Iglesias a Antonio Da Maio Pereira	779'40
POLICIA LOCAL	De Jesús Iván Abalde Casanova a Lucia Vidal Lorenzo	17.361'92
PARQUE CENTRAL	De Manuel Costas Domínguez a Alfonso Rodríguez Leirós	1.042'16

25(231).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR SERVIZOS DE GRAN GALA DA POLICÍA LOCAL, CON MOTIVO DA CABALGATA DE REIS, DÍA DA CONSTITUCIÓN E HOMENAXE A POLICÍAS XUBILADOS. EXPTE. 21798/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 8.02.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 15.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da visita do “Sr. Ministro de Educación, don Ángel Gabilondo Pujol”, aboarase o persoal da Policía Local que figuran na relación que se achega e que

comeza por dona Katia M^a González García e remata por don Moises Calvar Rios por unha cantidade total de 237'14 €.

26(232).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAIS DOS DISTINTOS SERVIZOS, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE 2010. EXPTE. 21810/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 10.02.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 15.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Montes, Parques e Xardíns, Servizo de Extinción de Incendios, Electromecánicos, Parque Central, Parque Móbil, Cultura, Desinfección, Omic, Protección Civil, Sanidade, Xuventude e Limpeza, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial condutor, as cantidades que figura na relacións que se achegan, por un importe total de 4.529,20 € correspondentes ó 4º trimestre de 2010 e con cargo ao RC nº 40869 da partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

27(233).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DE PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO 2011. EXPTE. 21814/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 10.02.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 15.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Xaneiro	Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	775,86	89,76	865,62
Alcaldía (oficina)	Xaneiro	Abalde Comesaña, Raquel	241,20	0,00	241,20
Limpeza	Xaneiro	Hermida Sanmartin, Juan José	209,04	353,60	562,64
Electromecánicos	Xaneiro	Arias Rodriguez, Damaso	60,30	304,64	364,94
Policía Local	Xaneiro	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	42.165,80	25.385,76	67.551,56
Parque Central	Xaneiro	De Alonso Alonso, Miguel Ángel a Rodriguez Leiros, Alfonso	1.210,02	758,88	1.968,90
Parque Móbil	Xaneiro	De Alonso Iglesias, Manuel a Vulcano Ferreyra, J. Genaro	933,65	1.080,52	2.014,17
Tenencia Alcaldía	Xaneiro	De Pérez Costas, José Luis a Vázquez Martínez, Manuel A.	72,36	24,48	96,84

Desinfección	Decembro Xaneiro	De Pardellas Avión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	458,28	413,44	871,72
Museo	Xaneiro	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	174,87	0,00	174,88
Montes, Parques e Xardíns	Xaneiro	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José Luis	1.644,18	753,44	2.397,62
Extinción Incendios	Xaneiro	De Abreu Torres, Francisco J. A Veiga García, Rubén	450,24	62,56	512,80
Cemiterios	Novembro Xaneiro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	5.042,18	0,00	5.042,18
Conserxería	Decem/Xaneiro	De Vaqueiro Herbello, Teresa a Fernández Alonso, José Angel	56,28	0,00	56,28
TOTAL			53.494,26	29.227,08	82.721,35

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 82.721,35 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

28(234).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE A DECEMBRO 2010 E XANEIRO 2011. EXPTE. 21812/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 11.02.2011, e co informe do técnico de Intervención do 15.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar o gasto por un importe de 8.546,59 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Jesús M. Garrido Marcos e que remata en D. Julio Yañez Rodríguez-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, para o período decembro 2010-xaneiro 2011.”

	SERVIZO	TOTAL
1620	Limpeza	425,41 €
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	4.377,71 €
9222	Parque Móbil	214,71 €
2410	Emprego Desenvolvemento Local-Participación Cidadá	247,27 €
1640	Cemiterios	151,62 €
2220	Mobilidade e Seguridade	937,84 €
2310	Benestar Social	9,50 €
9310	Inspección de Tributos	1.080,72 €
1210	Conserxería	1.101,81 €
	TOTAL	8.546,59 €

29(235).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DE 9 BOLSAS DE FORMACIÓN PARA AS OFICINAS DE

TURISMO E SERVIZOS DO CONCELLO DE VIGO. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 3803/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Turismo, do 31.01.2011, conformado polo concelleiro delegado da área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, co informe do letrado asesor do 3.02.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 14.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“ 1.- Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión da subvención de 9 bolsas de formación para as oficinas de turismo e servizos do Concello de Vigo para o período comprendido entre o 1 de abril ata o 31 de decembro de 2011, que se achegan no Anexo I.

2.- Autorizar o gasto de 64,800 euros que se imputará a partida 4320.4810000 “Transferencias a familias e institucións sen fin de lucro”, do presuposto municipal de 2011, que permite dotar 9 bolsas x 8 meses x 900 euros = 64,800 euros.

3.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia a convocatoria, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.”

BASES XERAIS E CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURÍSTICOS (ANEXO I)

PRIMEIRA.- Obxecto da subvención.

O obxecto das bolsas ou subvencións a que se refiren as presentes bases reguladoras é a convocatoria de bolsas para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos municipais.

O contido dos traballos a desenvolver como prácticas será o que segue:

- Promoción e apoio á comercialización de produtos turísticos da Concellería.
- Información ó turista sobre os recursos turísticos da cidade: monumentos, actividades de recreo e ocio, museos, praias, hoteis, transportes, rutas turísticas, gastronomía, espectáculos, feiras, festas, etc., así como calquera outra información que pola súa natureza ofrezca atractivo para o visitante.
- Facilitar información e atención ó turista para o período estival: oficinas de información, bus turístico, puntos vermellos, atención a cruceiristas, oficina móbil, etc.
- Elaboración de estatísticas das oficinas de información e servizos turísticos, para recoller o perfil de visitante, medio de transporte, motivación da viaxe, tipo de aloxamento elixido, etc.
- Actualización do inventario de recursos turísticos.
- Apoio á realización de estudos e informes de produtos e mercados turísticos emisores.

A condición de bolseiro/a non xerará ningún tipo de relación de carácter laboral ou contractual co Concello de Vigo ou calquera outra administración pública, polo que a concesión da bolsa non dará lugar á inclusión dos bolseiros/as no Réxime Xeral da Seguridade Social. Os titulares da bolsa serán única e exclusivamente beneficiarios dunha subvención para a obtención da debida formación profesional, sen que exista relación de servizos profesionais co Concello de Vigo e sen que a devandita axuda económica poda entenderse como unha contra-prestación dos traballos que, como prácticas, eventualmente se realicen. É dicir, trátase dunha disposición gratuíta de fondos públicos, en forma de axuda económica,

para fomentar unha actividade de utilidade pública como é a mellora da formación dun sector de marcada importancia na economía local.

SEGUNDA.- Número, dotación e duración das bolsas.

Concederanse 9 bolsas para o período comprendido entre o 1 de abril e o 31 de decembro de 2011. (9bolsasx8mesesx900€/mes=64,800€).Cada bolsa importa 7,200€

O importe da axuda será obxecto das retencións fiscais previstas legalmente.

TERCEIRA.- Contía total e crédito orzamentario.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 64,800€ (sesenta e catro mil oitocentos euros), que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 4320.4810000 “Transferencias a Familias e Institucións sen fin de lucro”. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria, cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- Compatibilidade da subvención.

A concesión das bolsas de estudos é incompatible con outras axudas de calquera outra administración pública de similar contido e alcance.

QUINTA.- Requisitos dos bolseiros/as

Ademais dos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei de Subvencións de Galicia, para poder optar ás bolsas, os interesados/as deberán reunir, como mínimo, os seguintes requisitos:

- Poderán optar ás bolsas de prácticas nas oficinas e servizos de información e promoción turística os/as Técnicos Superiores en Información e Comercialización Turística, así como os Diplomados/as en Empresas e Actividades Turísticas. A titulación deberá ser, cando menos, obtida no ano 2000 ou con posterioridade á este data. Só poderán concorrer a esta convocatoria os/as solicitantes que reúnan estas condicións e sempre que nacesen con posterioridade ó 31 de decembro de 1978.
- Non poderán optar ás bolsas de prácticas as persoas nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei de subvencións de Galicia, para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recolle o dito artigo

SEXTA.- Obrigas dos beneficiarios.

Os/as beneficiarios/as das bolsas comprométese á realización das prácticas con plena dispoñibilidade, de acordo coas indicacións e horarios que lles sinala a Xefatura do Servizo de Turismo e Comercio, cun límite de trinta e sete horas e media semanais. Todos os horarios estarán suxeitos a cambios, se as circunstancias o esixen e sen pasar nunca do límite mencionado.

Turismo de Vigo adxudicará os destinos, reservándose a facultade de adscribir ós bolseiros/as durante o período que abrangue a bolsa a unha oficina ou servizo diferente do primeiro ó que inicialmente se lle adscribira, se as circunstancias así o aconsellan.

O labor do/a bolseiro/a será incompatible con calquera outra actividade non recollida no seu plan de traballo.

Os/as adxudicatarios/as das bolsas comprométense, así mesmo, a entregar unha memoria dos traballos realizados ó finalizar o período da bolsa, así como a incorporar diariamente á base de datos municipal os datos estadísticos recollidos cada día durante o desenvolvemento do seu traballo.

Os traballos que os/as bolseiros/as puideran realizar durante a vixencia da bolsa de prácticas, así como a memoria final serán propiedade do Concello de Vigo, que se reserva o dereito da súa publicación e utilización.

Os titulares das bolsas que resulten adxudicatarios/as, asinarán un convenio de colaboración para o desenvolvemento da bolsa en cuestión, no que se precisarán cantas obrigas complementarias resulten necesarias para o adecuado cumprimento do fin da bolsa, particularmente as que permitan emitir a certificación de asistencias dos bolseiros.

Ós/ás bolseiros/as que o soliciten entregaráselles un certificado conforme realizaron as prácticas de referencia.

SETIMA.- Criterios de adxudicación da subvención e ponderación deles.

Primeiro.- A prelación entre as solicitudes para a adxudicación das bolsas farase en función dos resultados dos criterios de valoración, que se desenvolverán en tres fases:

- a) Primeira fase: exercicio sobre coñecemento de Vigo.
- b) Segunda fase: entrevista persoal.
- c) Terceira fase: avaliación de méritos e titulacións.

Segundo.- Para a valoración dos méritos e titulacións alegadas, terase en conta o seguinte baremo:

1.- Nota media

Valorarase a nota media obtida ó longo dos estudos de turismo, do seguinte modo:

Sobresaínte:	1 punto.
Notable:	0,5 puntos.

2.- Cursos de formación en materia de turismo.

Cursos de Postgrado: (Máster de Turismo ou Doctorado en Turismo): 1 punto.

Valorarase, calquera curso impartido nun centro homologado e directamente relacionado co turismo, sempre que sexa dunha duración igual ou superior a 20 horas e o documento acreditativo defina os contidos impartidos no mesmo. Puntuación: 0,10 puntos por cada 20 horas, ata un máximo de 1 punto.

3.- Idiomas

- 3.a) Por cada ciclo superado, na Escola Oficial de Idiomas, e acreditando a correspondente certificación, a seguinte puntuación:
- Ciclo Básico: 0,5 puntos
 - Ciclo Intermedio: 1 punto
 - Ciclo Avanzado: 1 punto
- A puntuación máxima acadada por idioma, neste apartado é de 2,5 puntos. Non se valoran os cursos só os ciclos.

- 3.b) Os méritos que se conteñen no seguinte cadro, valoraranse tal e como se indica, ata un máximo de 2,5 puntos por idioma.

IDIOMA	TITULACIÓN	PUNTUACIÓN	
GALEGO	Curso de iniciación de galego ou título homologado	0.25	Non acumulable
	Curso de Perfeccionamiento de galego ou título homologado	0.5	
	Curso de Especialización da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	1	
	Estar a cursar unha Filoloxía distinta da Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa, ou unha titulación universitaria, que posúa materias de Lingua e/ou Literatura galega (como por exemplo Maxisterio) tendo aprobadas dúas destas materias	1	
	Ter cursado nunha Filoloxía distinta da Galega ou Galego-Portuguesa, que posúa materias de Lingua e/ou Literatura galega, ou ter cursado a Diplomatura en Maxisterio, tendo cursado dúas materias de Lingua e/ou Literatura galegas	0,5	
	Ter superado o primeiro ciclo da licenciatura de Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa	1	

INGLÉS	First Certificate in English (FCE) University of Cambridge	0.5	Non acumulable
	Certificate in Advanced English (CAE) University of Cambridge	1	
	Certificate of Proficiency in English (CPE) University of Cambridge	1	
	Test of English as a Foreign Language (TOEFL) Certificate (550/213 pt)	1	
	Certificate of Competency in English (ECCE) Michigan University	0.5	
	Certificate of Proficiency in English (ECPE) Michigan University	1	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado inglés como Segunda lingua estranxeira.	0.5	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado inglés como Primeira lingua estranxeira.	1	
	Diplomatura en Maxisterio, especialidade Lingua estranxeira – inglés	0.5	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Inglesa	0.5	Non acumulable
	Licenciatura en Filoloxía Inglesa	1	

<u>F R A N C É S</u>	Diplôme d`Études en Langue Française (DELF) 1er degré	0.5	Non acumulable
	Diplôme d`Études en Langue Française (DELF) 2eme degré	1	
	Diplôme Approfondi de Langue Française (DALF)	1	
	Diplôme de Langue Française (DL) Alliance Française (AF)	0.5	
	Diplôme Supérieur d`Études Françaises Modernes (DS) Alliance Française (AF)	1	
	Diplôme de Hautes Etudes Françaises (DHEF) Alliance Française (AF)	1	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado francés como Segunda lingua estranxeira	0.5	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado francés como Primeira lingua estranxeira	1	
	Diplomatura en Maxisterio, especialidade Lingua estranxeira – francés	0.5	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Francesa	0.5	Non acumulable
	Licenciatura en Filoloxía Francesa	1	

A L E M Á N	Zertifikat Grundstufe III Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	0.5	Non acumulable
	Zertifikat Deutsch als Fremdsprache (ZDaF) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	1	
	Zentrale Mittelstufenprüfung (ZMP) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	1	
	Zentrale Oberstufenprüfung (ZOP) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	1	
	Kleines Deutsches Sprachdiplom (KDS) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	1	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado alemán como Segunda lingua estranxeira	0.5	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado alemán como Primeira lingua estranxeira	1	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Alemana	0.5	Non acumulable
Licenciatura en Filoloxía Alemana	1		

I T A L I A N O	2º curso do Instituto Italiano de Cultura	0.5	Non acumulable
	3er curso do Instituto Italiano de Cultura	1	
	Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 3 (CELI 3) Università per Stranieri, Perugia (USP)	0.5	
	Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 4 (CELI 4) Università per Stranieri, Perugia (USP)	1	
	Certificazione di Italiano come Lingua Straniera, Livello 2 (CILS 2) Università per Stranieri di Siena	0.5	
	Certificazione di Italiano come Lingua Straniera, Livello 3 (CILS 3) Università per Stranieri di Siena	1	
	Certificado de Italiano come Lingua Due (IT2) Università di Roma 3	1	
	Licenciatura en tradución e interpretación, habendo cursado italiano como Primeira lingua estranxeira	1	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Italiana	0.5	Non acumulable
	Licenciatura en Filoloxía Italiana	1	

P O R T U G U É S	Diploma de Lingua Portuguesa (DILP) Universidade de Lisboa (UL)	1	Non acumulable
	Diploma Intermédio de Português Lingua Estrangeira (DIPLE)	0.5	
	Diploma Avançado de Português Lingua Estrangeira (DAPLE)	1	
	Diploma Universitário de Português Lingua Estrangeira (DUPLE)	1	
	Segundo nivel de Cursos de verán (Curso de férias) para estranxeiros, estruturados en 2 niveis, de Portugués, Lingua Portuguesa, Lingua e Literatura Portuguesa ou Lingua e Cultura Portuguesa, en calquera universidade portuguesa ou da Sociedade da Lingua Portuguesa (SLP)	0.5	
	Segundo nivel de Cursos de verán (Curso de férias) para estranxeiros, estruturados en 3 ou máis niveis, de Portugués, Lingua Portuguesa, Lingua e Literatura Portuguesa ou Lingua e Cultura Portuguesa, en calquera universidade portuguesa ou da Sociedade da Lingua Portuguesa (SLP)	1	
	Curso de 1 ano lectivo de Portugués, Lingua Portuguesa, Lingua e Literatura Portuguesa ou Lingua e Cultura Portuguesa, para estranxeiros, en calquera universidade portuguesa	1	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Portuguesa	0.5	Non acumulable
	Licenciatura en Filoloxía Portuguesa ou Galego-Portuguesa	1	
	Certificación académica de calquera Facultade de Filoloxía (excepto Filoloxía Portuguesa ou Galego-Portuguesa) ou Traducción onde consten 10 créditos* nas materias: Introducción á Lingua Portuguesa, Lingua Portuguesa, Lingua e Cultura Portuguesa ou Gramática Portuguesa. (* O crédito corresponde a 10 horas de ensino teórico, práctico ou o seu equivalente).	0.5	
Certificación académica de calquera Facultade de Filoloxía (excepto Filoloxía Portuguesa ou Galego-Portuguesa)ou Traducción onde consten 15 créditos* nas materias anteriores. (* O crédito corresponde a 10 horas de ensino teórico, práctico ou o seu equivalente).	1		

3. c) Non se valorarán estes cursos se non acreditan o número de horas. Para a acreditación destes méritos deberá aportarse certificación académica ou fotocopia compulsada das notas ou cualificacións obtidas. Non se valorarán aqueles cursos de idiomas que non se acrediten deste modo e non se terán en conta como acreditación os documentos de autoliquidación de taxas para a obtención do título correspondente.

4.- Proba práctica e entrevista persoal

- 4.a) A proba práctica de coñecemento de Vigo puntuarase con máximo de 1 punto.

4.b) Na entrevista persoal valorarase a motivación, a iniciativa, así como o trato persoal, cun máximo de 2 puntos.

5.- Experiencia

5. a) 0.40 puntos por cada mes de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en oficinas de información turística, ata un máximo de 3 puntos.

O contrato de traballo ou certificado de prácticas deberá especificar, necesariamente, o número de horas traballadas ó mes. Non se valorarán os contratos ou certificacións inferiores a un mes. A puntuación por este concepto valorarase en función do número de horas traballadas ó cabo do mes, de forma proporcional, considerando o mínimo de xornada mensual a de 80 horas/mes. Concederáselle 0.40 puntos por cada mes traballado a xornada completa, as xornadas inferiores a esta se valorarán proporcionalmente con aquela.

5. b) 0,30 puntos por cada mes de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en axencias de viaxes, hoteis, congresos, feiras, museos, institucións ou organismos vencellados ó turismo, ou calquera outra actividade relacionada co turismo ou a xestión de recursos turísticos, ata un máximo de 3 puntos.

O contrato ou certificado de prácticas ou traballo deberá especificar, necesariamente, o número de horas traballados ó mes. Non se valorarán os contratos ou certificacións inferiores a un mes. A puntuación, por este concepto, valorarase en función do número de horas traballados ó cabo do mes, de forma proporcional, considerando o mínimo de xornada mensual a de 80 horas/mes. Concederanse 0,30 puntos, por cada mes traballado a xornada completa (80 horas), as xornadas mensuais inferiores a esta valoraranse proporcionalmente con aquela.

IMPORTANTE: os apartados a) e b) non son acumulables. O máximo de puntos é 3 incluíndo os dous apartados.

6.- Informática

Por cada curso de informática en centros recoñecidos, ata un máximo de 1 punto. 0,15 puntos.

Non se valorarán os cursos inferiores a 40 horas. Non se terán en conta os cursos de mecanografía e tampouco se valorarán aqueles que non especifiquen o contido e número de horas.

Terceiro.- No caso de que dous ou máis aspirantes acaden a mesma puntuación no concurso, a selección realizarase mediante unha entrevista persoal cos/coas candidatos/as. A entrevista poderá incluír proba de coñecemento de idiomas, escrita ou oral.

Asemade, no caso de que dous ou máis aspirantes acaden a mesma puntuación, terá prioridade aquel/a que non teña realizado prácticas con anterioridade na Concellería.

No caso de que, unha vez adxudicada a bolsa de estudos, xurdisen renuncias, adxudicáraselle automaticamente a axuda ó seguinte aspirante en puntuación, procedéndose do mesmo xeito en renuncias sucesivas.

OITAVA.- Procedemento de concesión das bolsas.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas e o establecemento dunha prelación entre éstas, de acordo cos devanditos criterios de valoración. O procedemento se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

NOVENA.- Prazo de presentación das solicitudes.

O prazo para presentar as solicitudes de concesión destas bolsas será de 5 días hábiles, contados desde o día seguinte a publicación da presente convocatoria e bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia.

DÉCIMA .- Solicitud e documentación.

As solicitudes serán presentadas preferentemente no Rexistro Xeral do Concello, no prazo arriba sinalado, e en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

As solicitudes que non se presenten no rexistro xeral do concello, senón en calquera das outras formas previstas na devandita lei, deberán de remitir unha copia ao fax 986810110, antes do día e hora de finalización do prazo.

A solicitude da bolsa implica o coñecemento e aceptación de todos os termos contidos nestas bases.

Os/as interesados/as presentarán as súas solicitudes acompañadas da seguinte documentación, por esta orde:

- Impreso de solicitude
- Fotocopia cotexada, por ámbalas dúas caras, do DNI
- Currículum vitae e fotografía.
- Declaración xurada das axudas de bolsas solicitadas ou concedidas polas administracións públicas para o mesmo período.
- Fotocopia compulsada do título ou do recibo do depósito do título.
- Certificación académica completa ou fotocopia cotexada na que se reflecta a nota global de cada curso.
- Certificación acreditativa de ter superada a proba de grao (reválida).
- Certificación ou fotocopia compulsada dos cursos superados na escola oficial de idiomas ou títulos equivalentes.
- Contrato de traballo ou certificado de prácticas, acreditativo da experiencia laboral en oficinas de información turística.
- Fotocopia compulsada de cursos de informática, especificando o número de horas e contido dos cursos en cuestión. Non se valorarán os inferiores a 40 horas.
- Declaración responsable do solicitante de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario da bolsa das previstas no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Subsanación da solicitude.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fóra incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación, ou amañe a falla, no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e archivarase o expediente.

DÉCIMO SEGUNDA.- Publicidade.

a) Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial e na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

b) Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

As axudas serán publicadas, na páxina web www.vigo.org e expostas no taboleiro de anuncios do servizo de turismo, sito no décimo andar da Casa do Concello.

DÉCIMO TERCEIRA.- Ordenación, instrución e resolución do procedemento. Recursos.

A Concellería de Turismo e Comercio será a encargada da instrución do procedemento de concesión das bolsas. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo concelleiro de Turismo e Comercio, A xefa de Servizo de Turismo e Comercio e un/ha funcionario/a da mesma área que actuará como secretario/a.

A Comisión de Avaliación publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na páxina web municipal, unha lista cos aspirantes admitidos e excluídos, con expresión neste último caso das razóns da exclusión. Os solicitantes excluídos poderán presentar, no prazo de 10 días a contar desde o seguinte a dita publicación, as alegacións que estimen pertinentes en relación a dita exclusión.

A Comisión de Avaliación ademais das probas citadas, poderá realizar proba de idiomas ós aspirantes admitidos.

A Comisión de Avaliación puntuará os méritos alegados polos candidatos conforme ó baremo previsto nas bases.

A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Turismo e Comercio, como órgano instructor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte coa avaliación realizada.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de cinco días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Turismo e Comercio a aceptación ou renuncia das axudas. Transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente renunciada a bolsa, que será concedida ao seguinte aspirante por orde de puntuación.

No caso de aceptación, achegarase a esta certificación bancaria da conta onde se aboará a axuda de referencia ó titular da mesma.

Se, unha vez aceptada a bolsa, o adxudicatario renunciara a ela, deberá facelo de forma xustificada. En todo caso, se a renuncia se producise durante os quince primeiros días de disfrute da mesma, o beneficiario non terá dereito a percibir ningunha cantidade polo período de prácticas realizado.

DÉCIMO CUARTA.- Xustificación da subvención.

A realización das practicas polos/as beneficiarios/as coa dilixencia debida e o cumprimento axeitado de todas as obrigas previstas nestas bases e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia no que supletoriamente resulte de aplicación, reflectido en informe do responsable municipal do seguemento das bolsas, que será designado polo concelleiro de Turismo e Comercio, será título xustificativo do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A memoria dos estudos e traballos realizados, asinado polo/a bolseiro/a, na que se especificarán o programa desenvolvido e os obxectivos acadados, deberá ser presentada no prazo dos quince días seguintes ó remate do prazo das prácticas.

DÉCIMO QUINTA.- Aboamento.

O pago efectuarase por mensualidades vencidas correspondendo a cada mensualidade a parte proporcional do importe total da bolsa. As cantidades correspondentes estarán suxeitas ás retencións que procedan, de conformidade co establecido na Lei 35/2006 de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, e o seu regulamento de desenvolvemento.

Para o pagamento, o/a responsable do seguimento das bolsas que se designe, remitirá por meses naturais (antes do día 5 do mes natural seguinte) a Intervención Xeral Municipal:

- a) Certificación de asistencia ás actividades de formación dos/as beneficiarios/as do programa, en base ao seguemento que se levará a cabo a través das correspondentes sinaturas.
- b) Informe das contías que se lle deben pagar aos/ás beneficiarios/as do proxecto en función dos días de asistencia.

O procedemento para o seu abono será, por analogía, o previsto nas vixentes bases de execución presupostaria para o gasto de persoal, incorporándose iste na nómina única que se tramita mensualmente no Concello.

DÉCIMO SEXTA.- Cese nas prácticas e reintegro da bolsa.

Procederá o cese nas prácticas e o reintegro das totais cantidades percibidas e os xuros de demora correspondentes desde o momento de pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos previstos no artigo 33 LSG e, particularmente, nos seguintes casos, que teñen a consideración de incumprimentos graves:

- 1.- O incumprimento de calquera das obrigas previstas nas bases desta convocatoria.
- 2.- Non comezar no prazo que se sinale o desenvolvemento das prácticas.
- 3.- Non realizar as actividades previstas cun nivel de adicación satisfactorio.
- 4.- Non presentar a memoria acreditativa do traballo realizado.
- 5.- Fallas de puntualidade ou de asistencia reiteradas e non xustificadas.

A Xunta de Goberno Local acordará o cese nas prácticas e o reintegro das totais cantidades percibidas cos devanditos xuros de mora, a proposta do Servizo de Turismo e Comercio, previa audiencia do beneficiario e o informe negativo do incumprimento das obrigas por este.

Os incumprimentos polos beneficiarios das súas obrigas que non constitúan causa de cese nas prácticas e reintegro das totais cantidades percibidas darán lugar o reintegro parcial ou a non percepción parcial da subvención en función da entidade temporal das prácticas ás que afectan os incumprimentos.

DÉCIMO SÉTIMA.- Infraccións e sancións.

As becas estarán suxeitas ó réxime de infraccións e sancións que, en materia de subvencións, establece a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

DÉCIMO OITAVA.- Tratamento de datos de carácter persoal.

Os datos das persoas solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo e Comercio do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

DÉCIMO NOVENA.- Normativa de aplicación.

A presente convocatoria, ademais de polo previsto nas bases reguladoras que incorpora, rexeráse pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2010, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

30(236).- BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS E BENEFICIARIAS DO PROGRAMA UTIL “UNIDADE DE TRABALLO PARA A INSERCIÓN LABORAL” CORRESPONDENTE AO ANO 2011. EXPTE7903/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de servizo de Promoción Económica e Emprego, do 13.01.2011, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar as “Bases de selección de persoas candidatas a beneficiarias do programa UTIL 'Unidade de Traballo para a Inserción Laboral'” correspondente ao ano 2011 nas categorías de Capataz, Oficial e peón” que se achegan no Anexo I.
2. Aprobar as convocatorias de selección de candidatos e candidatas para:
 1. Beneficiarios e beneficiarias do programa UTIL nas categorías de:
 1. Capataces.
 2. Oficiais de oficios.
 3. Peóns.

ANEXO I

BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA DE EMPREGO “UTIL: UNIDADE DE TRABALLO PARA A INSERCIÓN LABORAL” ANO 2011, NAS CATEGORIAS DE CAPATAZ, OFICIAL E PEÓN,

1.- OBXECTIVOS.-

Obxectivos do programa.- A realización de obras e/ou servizos de interese municipal, por colectivos que teñen maiores dificultades para atopar emprego. Polo tanto o obxectivo é formar e facilitar a adquisición de habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, as súas capacitación e competencia profesional, e en definitiva, aumentar as súas posibilidades de inserción no mercado laboral.

O Programa UTIL necesita tamén, incorporar un número de oficiais beneficiarios con experiencia profesional no sector da construción e con habilidades formativas que posibiliten a capacitación profesional nos oficios relacionados coa obra civil, a xardinería e os servizos de interese municipal, das persoas beneficiarias na categoría de peón e unha mellora na profesionalidade por medio da experiencia e da formación complementaria dos capataces e oficiais de oficios que se incorporaran ao programa.

Os datos de paro rexistrado no mes de maio do ano 2010, son de 207.517.-, correspondendo á provincia de Pontevedra un total de 81.184.- persoas. No municipio de Vigo, o número de parados no mes de maio do 2009, foi de 37.159 persoas, (datos do Servizo Público de Emprego-Consellería de Benestar Social e Emprego da Xunta de Galicia).

UTIL: UNIDADE DE TRABALLO PARA A INSERCIÓN LABORAL, (ANO 2011), cunha duración máxima de 12 meses.(6 meses iniciais prorrogables como máximo outros 6 meses máis)

O UTIL: Unidade de Traballo para a Inserción Laboral, é un instrumento elaborado para promove-lo emprego no municipio, e prestando especial atención aos colectivos que teñen maiores dificultades para integrarse laboralmente. Ademais incide directamente na creación e mellora dos instrumentos de intervención utilizados dende o concello e crea accións de mellora da empregabilidade e calidade do emprego.

2.- POSTOS DE TRABALLO.

Os postos de traballo a convocar do Programa de Emprego: UTIL, son os de peóns, oficiais, e capataces todos eles beneficiarios/as.

O número de postos a seleccionar determinarase no momento da publicación da convocatoria de contratación, unha vez fiscalizadas e feita a correspondente e previa consignación por Intervención e aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

Os postos de traballo a convocar para a presente convocatoria do Programa de Emprego: UTIL, son:

• Capataz de construción
• Capataz xardinería/forestal
• Oficial condutor
• Oficial condutor-palista
• Oficial albanel
• Oficial electricista
• Oficial fontaneiro
• Oficial forestal-xardineiro.
• Oficial Carpintería metálica
• Peóns

3.- DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓNS.

3.1.- Duración.- A duración determinada inicial estímase:

- Seis meses, prorrogables como máximo por outros seis meses máis que coincidirá coa duración total do programa temporal de emprego de interese social UTIL nesta 3ª quenda, coas limitacións que se establecen no propio programa de emprego UTIL, e en todo caso as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do E.T., modificado pola Lei 43/2006, disposición adicional cuarta do RD 5/2006, e R.D.L. 10/2010 de 16 de xuño que fixa entre outros que a duración dos contratos das persoas aspirantes seleccionadas: máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo ou distinto posto de traballo.
- Os traballadores/as seleccionados/as ó abeiro deste programa temporal, deben cesar en canto remate a devandita quenda do programa: UTIL- Unidade de Traballo para a Inserción Laboral, debendo figurar esta cláusula no apartado correspondente (fin do contrato), do modelo do contrato a formalizar polas/os beneficiarias/os seleccionado/a/s.
- Establécese un período de proba para os contratados/as de **2 meses de duración**.

3.2.- Modalidade.- Estímase oportuna a modalidade de contrato de duración determinada de interese social, a xornada completa, cos dereitos e obrigas que leva implícito, en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría do posto a cubrir, a modalidade, duración e calquera outras incidencias da relación laboral, o que considere oportuno a Xefatura do Servizo de Recursos Humanos en base á lexislación vixente así coma o contido dos informes xurídicos da dita Xefatura mailo do Interventor Xeral. Así mesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do programa de emprego de interese social: “UTIL- Unidade de Traballo para a Inserción Laboral”, para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

3.3.- Retribucións.-

- As retribucións serán as establecidas no “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego”, que se atope en vigor no momento da contratación, conforme aos seguintes criterios:
- As establecidas no Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco (beneficiarios/as).

3.4.- En todo caso, a formalización, modalidade, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente aos aspirantes seleccionados, estarán suxeitos, aos informes xurídicos da Xefatura de Servizo de Recursos Humanos, do Interventor Xeral, as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), Lei 35/2010 de 17 de setembro de Medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo que fixa como máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo ou distinto posto de traballo, sexa ou non o mesmo contrato, co informe previo á contratación de dito cumprimento, emitido pola xefatura do servizo que corresponda, así coma ó disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, ó Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación, circunstancia da cal se informa aos aspirantes.

4.- PERFIL DOS POSTOS DE TRABALLO, FUNCIONS E OBRIGAS

- CAPATACES. traballadores coa experiencia demostrable en posto de traballo similar e terán ademais das funcións propias de oficial a de colaborar coa xefatura de obra na coordinación de diferentes unidades de traballo en obra, colaboración nos aspectos relacionados coa loxística de transporte e de distribución de traballos e materiais ao grupo de oficiais a cargo, e aspectos relacionados co cumprimento da normativa de Prevención de Riscos Laborais. Os oficios para os que se ofertarán prazas de capataz son construción e xardinería/forestal.
- OFICIAIS DE OFICIOS, nas diferentes especialidades que se indican no punto 7 apartado 7.2 destas bases. Os oficiais son persoas con experiencia demostrable nos diferentes postos de traballo, con responsabilidades no control dos grupos de traballo, formación, execución dos traballos en obra; e os oficiais condutores, con responsabilidades no desprazamentos de persoas e materiais ás obras.
- PEONS beneficiarias do programa UTIL, serán aquelas persoas, sen cualificación previa no tipo de traballo a desenvolver, que executarán os labores programados seguindo as indicacións dos

seus superiores, adquirindo unha capacitación e experiencia laboral que facilite a súa posterior inserción no mercado de traballo normalizado.

- Tódalas persoas candidatas seleccionadas para formar parte do Programa UTIL deberán obrigatoriamente subscribir un compromiso en virtude do cal se comprometen a levar a cabo as accións formativas que o equipo técnico considere oportunas para favorecer a súa posterior inserción laboral. A negativa a subscribilo, suporá a exclusión do proceso selectivo e o seu incumprimento por parte dos/as beneficiario/a/s durante o período de contrato poderá ser motivo de cese laboral, é dicir, a rescisión do contrato laboral.

5.- REQUISITOS IMPRESCINDIBLES

- Ter 18 anos cumpridos e capacidade legal para ser contratado/a, de conformidade coa lexislación vixente.
- Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto solicitado. Sendo Obrigatorio polas persoas candidatas a comunicación expresa das limitacións que poidan condicionar o desenvolvemento habitual das tarefas propias do posto de traballo ao que se presenta. (Informe médico)
- Estar inscrito/a como demandante de emprego nalgunha oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo na data da convocatoria.
- Estar empadroad/a no Concello de Vigo, como mínimo con 3 meses de antigüidade dende a data da convocatoria.
- Non ter sido contratado/a cunha duración total de doce meses, en ningunha das anteriores convocatorias en algún dos seguintes Programas de Emprego Municipais: PROMIL, BIAL e UTIL, programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, así como de programas de cooperación nos últimos 5 anos.
- Non poderán participar na mesma quenda do UTIL, dúas persoas pertencentes á mesma unidade familiar de convivencia.
- Non poderá ser contratado/a ningunha persoa pertencente á mesma unidade de convivencia familiar dunha persoa beneficiaria da quenda inmediatamente anterior.
- As persoas estranxeiras non comunitarias deben ter permiso de traballo en vigor, temporal ou permanente en regra, que autorice a traballar na data da convocatoria.
- No caso dos oficiais de oficios e capataces ter unha experiencia mínima de 2 anos en posto igual ou similar e da mesma categoría.

6.-FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN

6.1.- Procedemento de selección de persoas beneficiarias:

- Convocatoria pública a través da prensa local.
- Impresos de Solicitud na páxina web do concello (www.vigo.org)(www.hoxe.vigo.org), oficinas de información do Concello de Vigo na Praza do Rei, oficinas do programa UTIL, (Parque Central de Servizos do Concello, rúa A Bagunda 1, xunto á Igrexa de Sta. Cristina de Lavadores), UBAS de Benestar Social e oficinas de Inclusión Social e nas oficinas de asociacións e organismos de asistencia Social, dende o mesmo día de publicación da convocatoria.

- Prazo de 20 días naturais dende o día seguinte á data de publicación da convocatoria para a presentación de solicitudes e documentación acreditativa no Rexistro Xeral do Concello de Vigo.
- Publicación da lista das persoas candidatas admitidas e excluídas ao proceso selectivo, e apertura dun prazo de 10 días naturais para a presentación de alegacións, aportación de documentación e/ou subsanación de erros.
- Baremación das persoas candidatas admitidas ao proceso de selección conforme aos criterios de selección estipulados.
- Publicación da lista das persoas admitidas ao proceso selectivo coas puntuacións obtidas na baremación.

Prazo de 5 días naturais para a presentación de alegacións ou reclamacións á baremación.

6.2.- Procedemento de selección peóns beneficiarios/as:

- A Xunta de Goberno Local aprobará a convocatoria de selección, previa fiscalización da intervención municipal, na que se indicará os postos convocados e as puntuacións de corte dos candidatos e candidatas que pasarán ao proceso de entrevista.
- Realización de proba práctica e/ou entrevista.
- Publicación das persoas candidatas seleccionadas e elaboración de lista de substitucións para posibles baixas e renuncias.
- Recoñecemento médico ás persoas candidatas seleccionadas.
- Formalización dos contratos laborais-temporais, pola Alcaldía-Presidencia.

6.3.- Procedemento de selección de capataces e oficiais de oficios beneficiarios:

- A Xunta de Goberno Local aprobará a convocatoria de selección, previa fiscalización da intervención municipal, na que se indicará os postos convocados e as puntuacións de corte dos candidatos e candidatas que pasarán ao proceso de entrevista e/ou proba práctica de coñecemento profesional.
- Realización da proba práctica e entrevista.
- Publicación das persoas candidatas seleccionadas e elaboración de lista de substitucións para posibles baixas e renuncias.
- Recoñecemento médico ás persoas candidatas seleccionadas.
- Formalización dos contratos laborais-temporais, pola Alcaldía-Presidencia.

7.- **PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS/AS A BENEFICIARIOS/AS.-**

7.1.. Con carácter xeral

Dada a natureza e especiais características do Programa UTIL, o procedemento de selección terá en conta as diferentes facetas das persoas beneficiarias candidatas. Concretamente:

Valoración socio-económica:	Ingresos económicos Colectivos preferentes Cargas familiares
Entrevista persoal	

- Valoración socio-económica.

- Ingresos económicos da unidade familiar, entendendo como tal, aquelas persoas vinculadas á persoa solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción ou acollemento e/ou por parentesco da consanguinidade ou afinidade ata o primeiro grao, que convivan con aquela e sempre que figuren empadroadas no mesmo enderezo. Así, a situación económica familiar, puntuarase segundo a contía da renda per-cápita da unidade familiar, requírese que sexa inferior ao 80% do IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) vixente para cada ano. Para a quenda do 2011, os ingresos económicos baremaranse segundo a seguinte táboa:

PUNTUACIÓN POR RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR NO ANO 2009 % REFERIDA AO IPREM 2009 (6.326,86 €)		
Intervalo ingresos (€/ano)	Intervalo (%)	Puntuación
0,00 – 1.265,37€	De 0 ata 20	4
1.265,38 - 2.530,74.€	> 20 ata 40	3
2.530,75 – 3.796,12€	> 40 ata 60	2
3.796,13 – 5.061,49€	> 60 ata 80	1
Máis de 5.061,50€	> 80	0

● Colectivos preferentes. Por pertencer a algún/s dos colectivos con maiores dificultades de inserción no mercado laboral, de acordo co establecido co PME 08-11.

- Reservarase:
 - **10%** para persoas *vítimas de violencia doméstica*. Recurrirse ao C.I.M. (Centro de Información da Muller) de Vigo para que identifique a persoas deste colectivo, en número superior ás prazas reservadas, que logo pasarán por unha entrevista persoal na que se valorará a adecuación do programa ó seu itinerario laboral.
 - **5%** para persoas *discapacitadas* cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, debidamente acreditado mediante fotocopia da certificación oficial e **sempre que a discapacidade non sexa incompatible coas funcións a desenvolver**. No caso en que esta porcentaxe non se cubra, poderá recurrirse para solicitar persoas candidatas a aquela/s entidades que a Comisión de Selección decida. En todo caso, solicitarase o Certificado de aptitude para o desenvolvemento do posto de traballo ao que vaia estar adscrita a persoa discapacitada ou certificado de incapacidade, dependendo do mesmo a súa contratación.
 - **5%** para persoas en *Grave Risco de Exclusión Social* de colectivos non recollidos nos puntos anteriores. No caso de que esta porcentaxe non se cubra, poderase recorrer, para solicitar persoas candidatas, a aquela/s entidades que a Comisión de Selección decida.
- Tentarase unha distribución que permita, cando menos, a presenza de:
 - 30 % de mulleres.
 - 30 % de mocidade entre 18 e 25 anos, na data da convocatoria. .
 - 20 % de persoas maiores de 45 anos, na data de convocatoria.
 - 20 % de persoas paradas de longa duración, entendendo por tales, aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Levar un mínimo de 1 ano de antigüidade como demandante na oficina de emprego.
- Non ter traballado, nos doce meses anteriores á data da convocatoria, máis de 3 meses.
- Baremaranse os colectivos segundo o seguinte cadro:

Colectivo	Puntuación
Vítima de violencia doméstica(*)	0,5
Persoa discapacitada	1,0
Colectivos en grave risco de exclusión social	1,0
Muller	0,5
Xove entre 18 de 25 anos en busca do 1º emprego	1,0
Maior de 45 anos	0,5
Desempregado/a de longa duración	0,5

(*) Entenderase por vítima de violencia doméstica aquela persoa que sufrira tal circunstancia dentro dos últimos tres anos, e o acredite coa denuncia correspondente ou ben a través doutro medio que determine a Comisión de Selección.

• Cargas familiares.

Puntuaranse as cargas familiares que poida acreditar na convocatoria a persoa aspirante segundo a táboa seguinte:

Cargas familiares en 1º grao de parentesco	Puntuación
Por cada fillo/a menor de 18 anos	0,3
Por cada convivinte con discapacidade igual ou superior ao 65%	0,3
Por cada convivinte con discapacidade entre 33% e 64%	0,2
Por cada fillo/a entre 18 e 26 anos sen ingresos propios	0,1
Por cada maior de 65 anos	0,1

7.2. Con carácter específico funcións e requisitos mínimos oficiais e capataces

7.2.1 -**Posto de oficial condutor.**

- Funcións de desprazamento e transporte de materiais e persoas ás obras e demais lugares de traballo, coidado de materiais de traballo, en todo tipo de vehículos, dende turismos ata camións de máis de 3.500 kg, manexo de grúas e guindastres.
- Ter tódolos permisos Profesionais e de conducir, obrigatoriamente B, C, D, E, necesarios para a realización das funcións sinaladas.
- Ter un coñecemento exhaustivo e facer un seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.
- Experiencia mínima de 2 anos como condutor de vehículos.

7.2.2. -Posto de oficial condutor-palista.

- Funcións de desprazamento e transporte de materiais e persoas ás obras e demais lugares de traballo, en todo tipo de vehículos, dende turismos ata camiións de máis de 3.500 kg, manexo de grúas e guindastres, palas escavadoras e retroescavadoras e coidado de materiais de traballo.
- Ter tódolos permisos profesionais e de conducir obrigatorios necesarios para a realización das funcións sinaladas (mínimo obrigatorio os B, C, D, E).
- Ter un coñecemento exhaustivo e facer un seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.
- Experiencia mínima de 2 anos como condutor en vehículos pesados e no manexo de palas escavadoras e retroescavadoras.

7.2.3. -Posto de oficial albanel

- o Funcións de docencia, especialmente no período de formación teórico-práctica inicial, e na execución das diferentes obras.
- o Terá a responsabilidade da execución das obras en colaboración cos encargados, xefes de equipo e xefe de obra.
- o Ter un coñecemento exhaustivo e facer un seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.
- o Posuir a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de oficial albanel. Valorarase a formación recibida.
- o Experiencia mínima de 2 anos en posto similar e da mesma categoría.

7.2.4. -Posto de oficial electricista

- Funcións de docencia no período de formación teórico-práctico inicial e en obra.
- Control de equipos de traballo en obra.
- Ter a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de oficial electricista, valorarase estar en posesión do carnet de instalador electricista, e/ou acreditar cursos de instalador electricista.

Ter un coñecemento exhaustivo e facer un seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.

- Experiencia mínima de 2 anos en posto similar e da mesma categoría.

7.2. 5. -Posto de oficial fontaneiro

- Funcións de docencia no período de formación teórico-práctica inicial e en obra.
- Control de equipos de traballo en obra.
- Ter un coñecemento exhaustivo e facer un seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.
- Posuír a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de oficial fontaneiro, valorarase estar en posesión do carnet de instalador de fontanería, e/ou acreditar cursos de instalador de fontanería e calefacción.

- Experiencia mínima de 2 anos en posto similar e da mesma categoría.

7.2.6. -Posto de oficial forestal-xardineiro

- Funcións de docencia no período de formación teórico-práctica inicial e en obra.
- Control de equipos de traballo en obra.
- Ter un coñecemento exhaustivo e facer un seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.
- Ter a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de oficial/capataz xardineiro e/ou de traballos forestais, e acreditar cursos de xardinería e forestal.
- Experiencia mínima de 2 anos en posto similar e da mesma categoría.

7.2.7. -Posto de oficial de carpintería metálica

- Funcións de docencia no período de formación teórico-práctica inicial e en obra.
- Control de equipos de traballo en obra.
- Ter un coñecemento exhaustivo e facer un seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.
- Posuír a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de oficial en carpintería metálica.
- Experiencia mínima de 2 anos en posto similar e da mesma categoría.

7.2.8. -Posto de Capataz

- Distribución do traballo entre o persoal da súa unidade, así como dos instrumentos, maquinaria e materiais necesarios para a súa execución.
- Programación, coordinación, supervisión e control do persoal ó seu cargo e dos traballos a realizar de acordo coas ordes e instrucións recibidas dos seus superiores xerárquicos.
- Control e responsabilidade da cantidade e calidade do traballo realizado, así como da utilización dos instrumentos, maquinaria e materiais empregados.
- Control e responsabilidade no cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos laborais.
- Realiza-las actividades que impliquen a responsabilidade dunha tanda ou dunha unidade de traballo que podan ser realizadas por un ou varios traballadores do seu grupo ou grupos inferiores.
- Instruír ao persoal no período de formación teórico práctico inicial e en obra nos traballos propios da súa especialidade.
- Colaborar na organización do transporte de persoal e materiais as unidades de obra asignadas.

8 -CONCURSO DE MÉRITOS. OFICIAIS E CAPATACES

- Valoraranse e baremaranse os criterios de experiencia laboral, formación e outros méritos, directamente relacionados coa actividade a desenvolver.
- Experiencia laboral, imprescindible 2 anos como mínimo na mesma categoría. 0,1 puntos/mes. (máximo 4 puntos)

- Formación (recibida ou impartida) (maximo.2 puntos): Terase en conta especialmente a formación en Prevención de Riscos Laborais.

• Por cada curso de entre 20 e 49 horas	• 0,10
• Por cada curso de entre 50 e 99 horas	• 0,20
• Por cada curso de entre 100 e 199 horas	• 0,30
• Por cada curso de máis de 200 horas	• 0,40

- Carnets profesionais relacionados directamente coa especialidade 0,50

9.- CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS.

A Xunta de Goberno Local, a proposta do Servizo de Promoción Económica e Emprego, determinará no momento da convocatoria de selección de beneficiarios/as:

- A puntuación mínima esixida aos candidatos e candidatas no proceso de baremación para acceder á fase de entrevista e que se publicará no taboleiro de editos municipal e na páxina web (www.vigo.org)
- Aprobar o número de persoas beneficiarias a contratar en cada posto de traballo do programa UTIL.
- Nomear a Comisión de Selección conforme se establece na punto 11 das presentes bases.
- A Comisión de Selección realizará as probas e/ou entrevistas aos candidatos e candidatas que superaran os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local.

9.1.- Selección dos peóns beneficiarios/as.

- Entrevista persoal (máximo 5 puntos)
- Realizaráselles ás persoas candidatas e nela valoraranse os aspectos ocupacionais de adecuación ao programa.
- Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ó resto das puntuacións acadadas, sempre que a persoa candidata obteña a cualificación de “apto/a”, que se acadará cunha puntuación mínima de 2 puntos.

Sen esta cualificación de “apto” na entrevista, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.

9.2. -Selección de oficiais .

- Proba práctica (máximo 4 puntos)
- A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas do posto ofertado. No caso de obter unha puntuación inferior a 2 puntos, considerarse “Non Apto” e quedará excluída a persoa do proceso de selección.
- Entrevista persoal (máximo 4 puntos).
- Realizaráselles unha entrevista persoal a tódalas persoas candidatas que superaran a proba práctica, onde se valorarán tódolos aspectos psicotécnicos de adecuación ao mesmo, así como ao grao de motivación, interese e compromiso co programa. No caso de obter unha puntuación inferior a 2 puntos, considerarse “Non Apto” e quedará excluída a persoa do proceso de selección.

10.- LISTAS DE SUBSTITUCIÓN.

Os/as candidatas/os que non foran contratado/a/s e tiveran superado o proceso selectivo, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser contratados para substitucións ou renuncias doutros/as traballadores/as”, para o mesmo ou calquera outro programa de emprego e para postos de igual categoría e cualificación.

11- COMISIÓN DE SELECCIÓN

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Composición:

- O Xefe do Servizo de Promoción E., Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.
- Un funcionaria/o do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos que actuará como Secretaria/o.
- Tres técnicos/as funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo ou dos seus Organismos Autónomos.

Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual e cumprindo co disposto no art. 60 do EBEP.

O secretaria/o, preferentemente da rama xurídica, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas e acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Tódolos membros da Comisión de Selección serán nomeados polo Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as, emitirase Acta co listado do persoal seleccionado.

A Comisión de selección contará co asesoramento técnico do persoal funcionario do servizo de Promoción Económica e Emprego que estime necesario.

12.- PRAZO SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA OS CANDIDATOS/AS A BENEFICIARIOS/AS DO PROGRAMA UTIL.

- Prazo: 20 días naturais a partir do día seguinte á data de publicación do anuncio.
- Impresos de Solicitud na páxina web do concello (www.vigo.org), oficinas de información do Concello de Vigo na Praza do Rei, oficinas do programa UTIL, (ubicadas no Parque Central de Servizos do Concello, rúa A Bagunda 1, xunto á Igrexa de Sta. Cristina de Lavadores), UBAS de Benestar Social e nas oficinas de Inclusión Social e nas oficinas de asociacións e organismos de Asistencia Social, dende o mesmo día de publicación da convocatoria.
- Lugar de presentación: Rexistro do Concello de Vigo, na praza do Rei s/n. 36202 Vigo.
- Horario de entrega: de luns a venres de 09:00 a 13:30 horas e sábado de 09:00 a 13:00.

Documentación a presentar:

- Impreso de solicitude debidamente cuberto e asinado, coa declaración xurada de que todos os datos aportados se corresponden coa súa realidade persoal e familiar.
- Certificado de empadramento. Onde se identificaran os membros da unidade familiar ata o primeiro grado de afinidade ou consanguinidade relacionados no impreso de solicitude presentado
- Informe de vida laboral solicitándoo na Tesourería Xeral da Seguridade Social da persoa candidata e dos membros da unidade familiar ata o primeiro grado de parentesco que perciban esas rendas.

- Certificado de ingresos económicos da persoa candidata e dos membros da unidade familiar ata o primeiro grado de parentesco expedido pola Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Se se perciben rendas ou pensións non contributivas certificación do Instituto Nacional da Seguridade Social.
- Se se perciben subsidios ou prestacións por desemprego ou Rendas Activas de Inserción certificación expedida polo Instituto Nacional de Emprego, da persoa candidata e dos membros da unidade familiar ata o primeiro grado de parentesco que perciban esas prestacións.
- No caso de que a persoa candidata ou membro da unidade familiar ata o primeiro grado de parentesco perciba ou percíbese no ano 2009 a Renda de Integración Social de Galicia certificación de cantidades percibidas pola Consellería de Benestar Social da Xunta de Galicia
- Fotocopias dos DNI en vigor da persoa aspirante e de cada un dos membros da unidade familiar. No caso dos menores que non o posúan, presentaranse fotocopias validadas do Libro de familia. Nos casos en que proceda, fotocopia validada do Certificado de Parella de Feito. No caso de estranxeiros, fotocopias validadas da tarxeta de residencia e de traballo.
- Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego.
- Fotocopia da denuncia correspondente, ou doutro medio que acredite feacemente, no seu caso, a condición da vítima de violencia doméstica.
- Fotocopia do informe de discapacidade e/ou incapacidade, emitido polas entidades competentes, nos casos en que proceda e a discapacidade sexa igual ou superior ao 33%.
- Fotocopia do informe que acredite o recoñecemento da situación de Grave Risco de Exclusión Social acreditado polo organismo público correspondente.

Oficiais e capataces

- Impreso de solicitude debidamente cuberto e asinado, coa declaración xurada de que todos os datos aportados se corresponden coa súa realidade persoal.
- Informe de vida laboral actualizada na data de convocatoria
- Curriculum Vitae.
- Fotocopia do DNI en vigor da persoa candidata.
- Fotocopias dos contratos de traballo e/ou certificados de funcións da empresa, que acrediten a experiencia indicada no curriculum e na vida laboral.
- Fotocopias dos certificados e/ou diplomas de formación recibida, referente ao posto de traballo ao que opta e que indique o número de horas da acción formativa correspondente.
- Fotocopia de permisos de conducir e/ou carnets profesionais correspondentes a cada especialidade.

Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación non presentada no prazo estipulado.

Non se baremará a experiencia profesional non acreditada mediante informe de vida laboral e copias de contratos e/ou certificados de empresa.

A participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas a Concellería de Promoción Económica e Emprego exclusivamente para os fins que se definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos no Real Decreto 1720/2007 do 21 de decembro polo que se aproba o regulamento da Lei 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.

13.- VALIDACIÓN DA DOCUMENTACIÓN:

- o Os candidatos e candidatas que por puntuación pasen a fase de entrevista reclamaráselle a presentación de orixinais da documentación presentada para ser validada. A non presentación desta documentación será causa de exclusión do proceso selectivo.
- o A validación, que unicamente servirá para este proceso selectivo, realizarase presentando orixinal e fotocopia do documento para validar, nas oficinas do UTIL no Parque Central de Servizos do Concello, no prazo que estipule nese momento.

14.- OUTRA INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS ASPIRANTES.-

En todo caso, a formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente os aspirantes seleccionados, estarán suxeitos, (ademais do estipulado no aptdo 2º, dunha duración temporal propia do programa UTIL-2ª quenda, de duración inicial de seis meses prorrogables ata completar un máximo de 12 meses), as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), e , Lei 35/2010 de 17 de setembro de Medidas urxentes para a reforma do mercado que fixa entre outros que a duración dos contratos das persoas aspirantes seleccionadas: máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo ou distinto posto de traballo, sexa ou non o mesmo contrato, circunstancia da cal se emitirá informe previo á contratación pola xefatura do servizo que corresponda, sobor dito cumprimento dos aspirantes seleccionados, e ademais ó disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, ó Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación, formalizándose o contrato só ás persoas aspirantes seleccionadas que cumpran cos requisitos expostos, circunstancia da cal se informa ó/a/s aspirantes.

- o A partir da data de publicación dos resultados de baremación na páxina web (<http://www.vigo.org>) haberá 5 días para solicitar aclaracións e presentar alegacións.
- o Máis información: Poderán consultarse as bases do proceso de selección nas dependencias do programa UTIL (no Parque Central de Servizos do Concello), así como na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org> e no taboleiro de anuncios do Concello.

31(237).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE “ASOCIACIÓN FEIJEIRO DE AYUDA AL NECESITADO” (AFAN) COLABORADORA CO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE 59232/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 11.01.2011, conformado polo xefe de área de Acción Social, co informe do letrado asesor do 17.02.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 24.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-la concesión dunha subvención directa á Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado por un importe de 40.000 euros con cargo á partida 23104890003 -Convenio AFAN

2º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa entidade “Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado” (AFAN), colaboradora co Departamento de Benestar Social, para a

atención das necesidades básicas de persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos e outras axudas.

3º.- Aprobar o gasto total de 40.000 euros a favor da Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN), CIF G-36.660.348, con cargo á partida 2310 4890003 -Conveni AFAN- correspondendo a cantidade de 20.000 euros ao orzamento de 2011 e 20.000 euros ao orzamento de 2012, condicionado á existencia de crédito adecuado, suficiente e nominativo a favor da Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN) no orzamento de dito ano.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E A ASOCIACIÓN FREIJEIRO DE AYUDA AL NECESITADO (AFAN)

Vigo, de de 2011

REUNIDOS

Dunha parte Dª María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007,

Doutra parte Dona Hortensia González Fernández DNI 35914549 A como presidenta da Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN), NIF 36.660.348, e enderezo a efectos de notificación na rúa Pastora nº 44 de Vigo, en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que dita representación non lle foi revocada.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I- Que a “Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado”, no sucesivo “AFAN” ten como obxectivo a atención e promoción de persoas necesitadas desde o principio da autodeterminación e a promoción, facilitándolle os medios necesarios o seu alcance, para o seu total desenvolvemento. AFAN dedícase á atención das necesidades básicas das persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos, roupas, e pequenas axudas económicas para atender necesidades primarias tales como, pago dos recibos de luz, auga e alugamento. Ademais, AFAN constitúe un recurso social, dentro do sistema público de servizos sociais da cidade por ser unha das entidades sen ánimo de lucro, que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade, sendo un recurso moi utilizado polos Servizos Sociais.

II- O concello de Vigo e coñecedor da existencia dun colectivo de persoas e situacións de emerxencia social, que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder subsistir en unhas condicións minimamente dignas. Ademais o Concello necesita este recurso como complemento do seu programa de transición a vida autónoma. Este recurso e un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

A Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus interese e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais, sendo competencia de obrigado exercicio nos de poboación superior a 20.000 habitantes

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no art. 2 pto. 3 dí que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto. 1 dí : O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais. O art. 31 pto.2 dí : Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións e, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións , por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública. Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

III- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a atención das necesidades básicas das persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos, roupas, e pequenas axudas económicas para atender necesidades primarias tales como, pago dos recibos de luz, auga e alugamento, etc.

IV- Que a entidade AFAN non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade AFAN, o Concello de Vigo e a dita entidade AFAN, convenian a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.-

A entidade AFAN comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo en canto a atención das persoas en risco de exclusión ou situación de emerxencia social e, concretamente a:

1º.- A admisión de tódalas familias que accedan por primeira vez á solicitude de atención, remitíndoas cara os Servizos Sociais, e atendéndoas nas súas necesidades básicas ata a súa inserción e aproveitamento dos recursos públicos que procedan en cada caso.

2º.- A atender as persoas que lle sexan remitidas desde o Departamento de Benestar Social, con independencia das accións que habitualmente leva a cabo a propia Asociación.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade AFAN unha subvención para o exercicio 2011 por importe de 20.000 euros co obxecto de levar a cabo a atención das necesidades básicas das persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos, roupas, e pequenas axudas económicas para atender necesidades primarias tales como, pago dos recibos de luz, auga e alugamento. Para o ano 2012 o importe da subvención a conceder será de 20.000 euros.

Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

Co amparo legal do artigo 31 punto 2 da Ley 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, a vixencia do presente convenio será plurianual, con una duración de dous anos: dende a aprobación do mesmo ata o 31 de decembro do ano 2012.

Para o pactado no presente convenio, o Concello, aportará a cantidade de 40.000 euros, dos cales 20.000 euros irán con cargo ao orzamento de 2011 e 20.000 euros con cargo ao orzamento de 2012.

Os pagamentos correspondentes a cada un dos anos de vixencia do convenio, 2011 e 2012, efectuaranse do seguinte xeito:

- No ano 2011, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. No ano 2012, o 50% da cantidade anual, nos tres primeiros meses do ano. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro de cada un dos anos, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

Quinto.-

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Benestar Social.

Sétimo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión creárase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas de AFAN e dous técnicos deste Concello, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servizos Sociais.

Oitava.-

A Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN) comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Novena.-

A Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN) poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello

Décima.-

Para a xustificación do ano 2011, a beneficiaria, antes do 31 de xaneiro de 2012 deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. Para o ano 2012, a xustificación deberá realizarse ata o 31 de xaneiro do ano 2013. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados; procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.

- Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cotas da Seguridade Social.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.

Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo primeiro.-

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2011 para o primeiro ano de vixencia do convenio. Para o ano 2012 serán gastos subvencionables os que respondan a natureza da actividade e se realicen dentro dese ano.

Décimo terceiro.-

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social . O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.

Décimo oitavo.-

Este convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN) poderá ter algunha ampliación nos contidos do seu obxecto, de ser así acordado polos asinantes a través da comisión de seguemento.

Deberá respectar os contidos fundamentais recollidos no presente convenio e, no caso de que supoña aumento da cantidade subvencionada deberá facerse constar nunha addenda, informada debidamente polos/as técnicos/as municipais e pola intervención xeral cara a verificar a existencia de crédito adecuado e suficiente.

Décimo noveno.-

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

32(238).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI. EXPTE. 59708/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 17.01.2011, conformado polo xefe de área de Acción Social, co informe do letrado asesor do 17.02.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 24.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar a concesión dunha subvención directa a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, cif. : G15.924.558, por un importe total de 23.360 euros.
2. Prestar aprobación ao texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Benestar Social e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, CIF. : G15924558, para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal “vacacións en paz 2011”.
3. Aprobar o gasto de 23.360.- euros con cargo á partida 3130.489.00.11 -convenio saharauis– do orzamento de 2011, destinadas a financiar os gastos do desprazamento de menos/as dende Tindouf ata Vigo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAHUI PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL “VACACIÓNS EN PAZ 2011”

Na Casa do Concello de Vigo, a de de 2011

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. M^a Xosé Méndez Piñeiro, na súa calidade de concelleira– delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de Alcaldía de data 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións, e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.

Doutra, Dna. María Isla Aviión, como presidenta da asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, CIF.: G15.924.558 e enderezo social en Vigo, na rúa Gregorio Espino, 31 – entrechán, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade asociación **Solidariedade Galega co Pobo Saharai** ten, entre os seus fins, promover o entendemento e desenvolvemento dos vínculos de amizade entre o Pobo Galego e o Pobo Saharai, auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural, social, económico e político entre o pobo saharai e o galego e propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharai.

Esta entidade ven desenvolvendo dende hai tempo unha importante labor coa realización do proxecto de acollemento familiar temporal “vacacións en paz”, que posibilita o desprazamento de nenos e nenas saharauis dende os campamentos de refuxiados de Tindouf a nosa cidade para seren acollidos por parte de familias viguesas durante os meses de xullo e agosto. Facilitarlles asistencia médica e alimentación, evitar a súa estancia nos campamentos durante estes meses de verán nos que se acadan temperaturas de máis de

50º no deserto, ofertar unha alternativa de ocio e tempo libre, así como, sensibilizar sobre a situación do pobo saharai son algúns dos obxectivos que se pretenden con esta iniciativa.

II.- Que o Concello de Vigo ante as razóns de tipo humanitario e solidario que entraña a actividade subvencionable, xustifica e considera conveniente a concesión desta subvención, cando ademais, os datos apuntan a un crecemento da demanda de familias acolledoras, quedando, incluso, familias sen esta posibilidade, polo que se entende que as Administracións Públicas deben apoiar as actitudes solidarias destes cidadáns, na medida das súas posibilidades, apoio que se traduce en subvencionar o desprazamento destes nenos e nenas ata a nosa cidade. Por outra banda, a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai conta co recoñecemento do Goberno Saharai para a realización deste proxecto, sendo a única asociación autorizada para levalo a cabo en Galicia, ademais de levar máis de once anos desenvolvéndoo no Concello de Vigo.

A Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local establece no seu artigo 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan á satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais, sendo competencia de obrigado exercicio nos de poboación superior a 20.000 habitantes.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no art. 2 pto.3 dí que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na Lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto. 1 dí: O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa, segundo o artigo 28 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a máis abondamento, acredítanse razóns de interese público, humanitario e social para a súa concesión, neste caso, o obxecto da subvención vai destinada a financiar os gastos do desprazamento de menores refuxiados do Sáhara Occidental, nenos e nenas, nados no exilio, que sobreviven nunhas condicións de vida moi difíciles, con grandes carencias sanitarias e alimenticias, nun entorno de guerra e que precisan da axuda externa para sobrevivir, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 7/2009, de subvencións de Galicia. A concesión da subvención articulase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica aos gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

III.- Así, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 2310.489.00.11,-convenio saharais- prevé, nominativamente, a concesión dunha subvención por importe de 23.360,00.euros, a favor da asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da administración concédente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a colaboración coa asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal denominado “vacacións en paz“, que consiste no traslado a Vigo de nenos e nenas saharais, procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf, para pasar dous meses de verán acollidos por familias viguesas.

V.- Que a entidade asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e humanitario que para a cidade de Vigo representa a actividade da entidade asociación Solidariedade Galega do Pobo Saharaui, o Concello de Vigo e a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui convenian a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo en canto ao traslado de menores saharauis dende Argelia ata Vigo para pasar o verán acollidos en familias da nosa cidade e, concretamente, a:

1. Búsqueda e selección das posibles familias acolledoras.
2. Asignación dos menores ás familias seleccionadas, así como solicitarlles a documentación esixida tanto pola Subdirección do Menor da Xunta de Galicia como pola Subdelegación do Goberno. A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui comprométese a facilitar ao Concello de Vigo, o nome, enderezo e teléfono de contacto das familias acolledoras.
3. Facer un exhaustivo seguimento do traslado dos menores dende Argelia á nosa cidade, conxuntamente coa Delegación Saharaui para Galicia.
4. Asegurarse de que as familias realizan as correspondentes revisións pediátricas aos menores por mor do convenio asinado coa Consellería de Sanidade e seguindo os criterios e parámetros marcados pola comisión médica da asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui.
5. Dispor do necesario para subscribir as pólizas de seguros que garanten a cobertura de todos os aspectos da actividade.

A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui queda obrigada a someterse ás actuacións de comprobación que queira efectuar a entidade concédente, cumprindo todas as obrigas en canto á presentación da memoria, xustificación dos gastos e cumprimento de obxectivos.

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Garantir a prestación adecuada das actividades e servizos motivo do convenio.
2. Articular os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das accións a desenvolver.
3. Conceder directamente á entidade asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, unha subvención por importe de 23.360.euros co obxecto de coadxuvar á financiación para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal “vacacións en paz 2011”.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para o desenvolvemento do programa “vacacións en paz 2011” previsto no presente convenio, o Concello de Vigo aportará a cantidade de 23.360.euros.

Os pagamentos efectuaranse do seguinte xeito:

- O 50% do importe total á sinatura do convenio. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación, que presenta necesidades financeiras que lle impiden realizar cos seus propios medios o proxecto subvencionado, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do 50% do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan enoxeradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados tal e como se indica no pacto oitavo.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- Co obxectivo de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, así como para resolver as controversias, dúbidas e interpretacións do convenio, crearase unha Comisión de Seguimento integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida pola Concelleira – Delegada da Área de Benestar Social.

Sétimo.- No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante previa conformidade da Concellería de Benestar Social.

Oitavo.- A beneficiaria, no prazo de dous meses a contar dende o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades e gastos realizados; os xustificantes de pago dos gastos realizados con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada, así como unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos realizados.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Así mesmo, presentarase unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, aos efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo .- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2011.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social. A técnica responsable do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei

15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

33(239).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA PIA UNIÓN HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES, PARA LEVAR A CABO PRESTACIÓNS DE SERVIZO DE ACOLLIDA DE PERSOAS SEN FOGAR. EXPTE. 59240/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 13.01.2011, conformado polo xefe de área de Acción Social, co informe do letrado asesor do 17.02.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 24.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobala concesión dunha subvención directa a Pía Unión “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres”, CIF Q3600319B, por un importe total de 44.120 euros, con cargo á partida 2310.4890004 -Convenio Misioneros- .

2º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa Pia Unión Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres, entidade colaboradora co departamento de benestar social, para levar a cabo prestacións de servizo de acollida de persoas sen fogar.

3º.- Aprobar o gasto por un importe total de 44.120 euros, a favor da Pía Unión “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres”, CIF Q3600319B, con cargo á partida 2310. 4800004 -Convenio Misioneros-, correspondendo a cantidade de 22.060 euros ao orzamento de 2011 e 22.060 euros ao orzamento de 2012, condicionado á existencia de crédito adecuado, suficiente e nominativo a favor da Pía Unión “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” no orzamento de dito ano.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E A INSTITUCIÓN “HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES”

Vigo, de de 2011

REUNIDOS

Dunha parte D^a María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía sobre Delegación de atribucións de 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.

Doutra parte, Don José Antonio Donaire Jiménez, como Hermano Director da Pía Unión “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” en diante “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres”, con CIF Q 3600319B, con domicilio na rúa Avda. de Galicia, nº 160 desta cidade, en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que dita representación non lle foi revocada.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I- Que os “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” teñen como obxectivo principal, a atención e coidado de persoas carentes de recursos e en situación de exclusión social severas. Que os “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” constitúe un recurso social, dentro do Sistema público de servizos sociais da cidade por ser unha das entidades sen ánimo de lucro, que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade, sendo un recurso moi utilizado polos Servizos Sociais.

Os Hermanos Misioneros dispoñen de dous centros autorizados (Albergue e Centro de acollida) pola Xunta de Galicia que cumpren cos requisitos da normativa de autorización de centros e programas.

II- O concello de Vigo e coñecedor da existencia dun colectivo de persoas e situacións de emerxencia social, que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder subsistir en unhas condicións minimamente dignas. Ademais o Concello necesita este recurso como complemento do seu programa de transición a vida autónoma. Este recurso é un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

A Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais, sendo competencia de obrigado exercicio nos de poboación superior a 20.000 habitantes.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no art. 2 pto. 3 dí que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto. 1 dí : O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais. O art. 31 pto.2 dí : Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións e, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública. Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da

súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescripcións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

III.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a contratación de un/unha traballador/a social como parte do persoal técnico que atenda e mellore a atención dos usuarios do albergue e o centro de acollida para enfermos e persoas en situación de exclusión social severa.

IV.- Que a entidade Hermanos Misioneros de los enfermos pobres non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

En base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Hermanos Misioneros de los enfermos pobres, o Concello de Vigo e a dita entidade Hermanos Misioneros de los enfermos pobres convenian a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade “Hermanos Misioneros de los enfermos pobres” comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo en canto a atención das persoas en risco de exclusión ou situación de emerxencia social e, concretamente, a:

1º.-Os “Hermanos Misioneros dos Enfermos Pobres” comprométese a aceptar no seu centro a homes e mulleres das características mencionadas que acepten as condicións de orde interno existentes sempre que a súa capacidade o permita e que lles sexan remitidos polo Departamento de Benestar Social do Concello.

2º.-Os “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” comprométese a facilitar a persoas remitidas polo departamento de Benestar Social dentro das súas posibilidades, tanto nas prazas de albergue para homes como para mulleres, as maiores facilidades posibles no referente a horarios de entrada e saída, comidas, etc, para as persoas que o precisen para a súa inserción laboral, xestións ou outras actividades que supoñan inclusión social.

3º.-Os “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” comprométese a aloxar en réxime de pensión completa a aqueles usuarios do programa de transición a vida autónoma, que polas súas limitacións de mobilidade non poidan acceder aos pisos destinados ó citado programa. Estas persoas serán atendidas nas instalacións dos Hermanos Misioneros por persoal do programa de transición a vida autónoma.

4º.- Os “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” comprométese a contratación de un/unha traballador/a social como parte do persoal técnico que atenda e mellore a atención dos usuarios do albergue e o centro de acollida para enfermos e persoas en situación de exclusión social severa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade “ Hermanos Misioneros de los enfermos pobres” unha subvención para o exercicio 2011 por importe de 22.060 euros co obxecto de coadxuvar á financiación da contratación dunha traballadora social. Este contrato estará suxeito a lexislación vixente sen que en ningún caso, supoña unha relación laboral co Concello de Vigo. Para o ano 2012 o importe da subvención a conceder será de 22.060 euros.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Co amparo legal do artigo 31 punto 2 da Ley 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, a vixencia do presente convenio será plurianual, con una duración de dous anos: dende a aprobación do mesmo ata o 31 de decembro do ano 2012.

Para a contratación do/a profesional previsto no presente convenio, o Concello, aportará a cantidade de 44.120 euros, dos que 22.060 euros irán con cargo ao orzamento de 2011 e 22.060 euros con cargo ao orzamento de 2012 .

Os pagamentos correspondentes a cada un dos anos de vixencia do convenio, 2011 e 2012, efectuaranse do seguinte xeito:

- No ano 2011, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. No ano 2012, o 50% da cantidade anual, nos tres primeiros meses do ano. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro de cada un dos anos, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Benestar Social.

Sétimo.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión creárase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas da Pía Unión dos “Hermanos Misioneros dos Enfermos Pobres” e dous técnicos deste Concello, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servizos Sociais.

Oitavo.- Para a xustificación do ano 2011, a beneficiaria, antes do 31 de xaneiro de 2012 deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. Para o ano seguinte da vixencia do convenio, a xustificación deberá realizarse ata o 31 de xaneiro do ano 2013. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados; procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.
 2. Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cotas da Seguridade Social.
 3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 4. Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.

Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social e non ser debedor por resolución de

procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2011 para o primeiro ano de vixencia do convenio. Para o ano 2012 serán gastos subvencionables os que respondan a natureza da actividade e se realicen dentro de ese ano

Décimo primeiro.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social. O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.

Décimo sexto.- Este convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Pía Unión “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” poderá ter algunha ampliación nos contidos do seu obxecto a proposta dos asinantes a través da comisión de seguimento.

No caso de que supoña aumento da cantidade anual subvencionada deberá facerse constar nunha addenda que respectará os contidos fundamentais recollidos no presente convenio e aprobarase polo órgano competente, previo informe favorable dos/as técnicos/as municipais responsables do programa e pola intervención xeral cara a verificar a existencia de crédito adecuado e suficiente.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD

887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente Convenio, no lugar e data indicados, polos representantes das partes presentes,

34(240).- REDACCIÓN DE PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “PASARELA ECOLÓXICA NO BORDO LITORAL DENDE A A GUIA ATA A ROTEA”. EXPTE. 8016/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 24.02.2011, conformado polo concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobación da dita solicitude para a a redacción dun proxecto modificado da obra “Pasarela Ecoloxica no borde litoral dende A Guia ata A Rotea”

35(241).- REDACCIÓN DE PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS E CARRIL BICI NA RÚA XULIAN ESTEVEZ”. EXPTE. 8020/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 24.02.2011, conformado polo concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobación da dita solicitude para a a redacción dun proxecto modificado da obra “Execución de beirarrúas e carril bici na rúa Xulian Estevez”.

36(242).- REDACCIÓN DE PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO DESTINADO A LOCAL MUNICIPAL NA BAIXADA A RIOS (EDIFICIO GARAVILLA)”. EXPTE. 8021/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 24.02.2011, conformado polo concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobación da dita solicitude para a redacción dun proxecto modificado da obra “Rehabilitación de Edificio destinado a local municipal na Baixada a Ríos”.(Edificio Garavilla).

37(243).- REDACCIÓN DE PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “HUMANIZACIÓN AVDA. DE GALICIA DENDE O Nº 1 ATA O 120”. EXPTE. 8019/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 24.02.2011, conformado polo concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1.-Aprobación da dita solicitude para a a redacción dun proxecto modificado da obra “Humanización Avda de Galicia dende o nº 1 ata o 120”.

38(244).- CORRECCIÓN DE ERRO NAS BASES DA CONVOCATORIA DO I CERTAME DE PINTURA “ANTONIO QUESADA” PARA XOVES CREADORES/AS DA COMUNIDADE GALEGA. EXPTE. 4263/307.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo, do 22.02.2011, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º Aprobar a corrección do erro advertido na base sexta da convocatoria do I CERTAME DE PINTURA “ANTONIO QUESADA” PARA XOVES CREADORES/AS DA COMUNIDADE GALEGA, aprobada na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 21 de febreiro de 2011, co seguinte texto:

- onde dí “a inscrición realizarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo antes das 13.00 horas do venres 18 de marzo de 2011”.
- debe dicir “a inscrición realizarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo antes das 13.00 horas do venres 25 de marzo de 2011”.

39(245).- ADXUDICACIÓN Á MERCANTIL HIDROSCIVIL S.L. A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DOS XARDÍNS CO CASTRO. EXPTE. 5092/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 9.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

“Adxudicar á mercantil HIDROSCIVIL, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de protección e conservación dos xardíns do Castro (expediente 5092-446) por un prezo total de 338.834,22 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 46.735,75 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 6 persoas, aportan a maiores 1 persoa procedente de situación legal de desemprego das que 1 persoa é desempregada de larga duración.
- Fixa a aportación ó control de calidade na porcentaxe do 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Propón a execución das seguintes melloras valoradas por un importe total de 17.837,42 euros:
 1. Substitución do bordillo de formigón por granito branco mera (163, 58 uds).
 2. Substitución do pavimento granular por xabre estabilizado con cemento (3.784 uds).

40(246).- FACULTAR O ILMO. SR. ALCALDE PARA O OUTORGAMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA PARA COMPENSACIÓN DE DEBEDAS TRIBUTARIAS. EXPTE. 601/410.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, do 25.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

“Facultar o Ilmo. Sr. Alcalde para o outorgamento do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo de compensación de débedas tributarias polo importe do dereito de resarcimento que dito organismo ten dereito polo subministro da enerxía eléctrica en virtude do convenio que ten con Unión Fenosa Distribución, S.A., de 12 de febreiro de 2008.”

41(247).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE DEREITOS. EXPTE. 18994/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 23.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

- 1º.- PROINTEC, S.A.
- 2º.- SCI S.C. INTEGRAL, S.L.
- 3º.- COREOLUTIONS, S.L.

Segundo.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar PROINTEC, S.A., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

42(248).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 “COSTE CERO” DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RUA COUTO SAN HONORATO. EXPTE. 798/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 25.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 Coste cero do Proxecto de Humanización da Rúa Couto San Honorato, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificados no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 25 de febreiro de 2011.

43(249).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 “COSTE CERO” DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RUA SAN ROQUE. EXPTE. 796/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 25.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 Coste cero do Proxecto de Humanización da Rúa Mestre San Roque, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificadas no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 24 de febreiro de 2011.

44(250).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 “COSTE CERO” DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RUA MESTRE MONTES. EXPTE. 797/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 25.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 Coste cero do Proxecto de Humanización da Rúa Mestre Montes, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificadas no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 24 de febreiro de 2011.

45(251).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 “COSTE CERO” DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RUA ARAGON. EXPTE. 799/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 25.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 Coste cero do Proxecto de Humanización da Rúa Aragón. Fase 1, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificadas no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 24 de febreiro de 2011.

46(252).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 “COSTE CERO” DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RUA VAZQUEZ VARELA. EXPTE. 800/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 24.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 Coste cero do Proxecto de Humanización da Rúa Vázquez Varela. Fase 1, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificados no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 25 de febreiro de 2011.

47(253).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 “COSTE CERO” DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RUA OPORTO. 795/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 25.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 Coste cero do Proxecto de Humanización da Rúa Oporto (Entre a Rúa Areal e Rosalía de Castro) , de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificados no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 24 de febreiro de 2011.

48(254).- RECURSO DE REPOSICION INTERPOSTO POR MUÑIZ Y ASOCIADOS, CORREDURÍA DE SEGUROS S.L., CONTRA ACORDO XGL DE 31.01.2011, NO QUE SE APROBABA O CONTRATO DE MEDIACIÓN E ASESORAMENTO DE SEGUROS PRIVADOS CO CONCELLO E OS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS E SUBSIDIARIAMENTE A DECLARACIÓN DA NULIDADE DO CONCURSO. 795/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Contratación, do 25.02.2011, conformado polo concelleiro da área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por “Muñiz y Asociados, Correduría de Seguros S.L.”, polo que interesa a suspensión do acordo da Xunta de Goberno Local de 31 de xaneiro de 2011 que aproba o expediente de contratación e os pregos para a contratación do contrato de mediación e asesoramento de seguros privados co Concello e os seus Organismos Autónomos e subsidiariamente a declaración da nulidade do concurso por carecer de fundamentación técnica e xurídica os seus argumentos e ser a vontade do Concello proceder á contratación de especialistas que o asesoren na contratación dos respectivos seguros privados que concerte coas compañías aseguradoras que resulten adxudicatarias nos procedementos de licitación que se convoquen.”

49(255).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 14,10 h.
Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.